



Ayuntamiento de A Coruña
Concello da Coruña



PLAN DE CONSERVACIÓN ENIL TORRE DE HÉRCULES

Concello da Coruña
Setembro, 2022

Versión actualizada conforme aos requirimentos solicitados o 26.01.2022 pola
Subdirección Xeral de Espazos Naturais

Expediente CMATV : MT818A_1/2018/ PC_2021

SUPERVISIÓN E REDACCIÓN
Antón Pérez Crieiro
Biólogo. Sección Biodiversidade
Concellería de Medio Ambiente

REDACCIÓN E PLANOS
Isaac Díaz Marentes
Arquitecto Paisaxista
UDC – Universidade da Coruña

Táboa de contido

1	LIMIAR.....	4
2	LEXISLACIÓN APLICABLE.....	5
2.1	<i>Prevalencia do plan.....</i>	<i>5</i>
2.2	<i>Réxime de protección preventiva ou cautelar.....</i>	<i>5</i>
2.3	<i>Normativa ambiental.....</i>	<i>6</i>
2.4	<i>Réxime urbanístico.....</i>	<i>7</i>
3	ÁMBITO TERRITORIAL E DELIMITACIÓN.....	8
4	FINALIDADES DO PLAN E PRINCIPIOS INSPIRADORES DA XESTIÓN.....	8
5	VALORES NATURAIS DO ESPAZO E FACTORES DE RISCO.....	10
5.1	<i>Identificación dos valores naturais a conservar.....</i>	<i>10</i>
5.1.1	<i>Paisaxe.....</i>	<i>12</i>
5.1.2	<i>Fauna.....</i>	<i>12</i>
5.1.3	<i>Flora.....</i>	<i>15</i>
5.1.4	<i>Hábitats.....</i>	<i>17</i>
5.1.5	<i>Patrimonio cultural.....</i>	<i>19</i>
5.2	<i>Identificación dos factores de risco que poidan afectar os seus valores naturais.....</i>	<i>20</i>
5.2.1	<i>Presión antrópica.....</i>	<i>20</i>
5.2.2	<i>Plantas exóticas invasoras.....</i>	<i>21</i>
5.2.3	<i>Calidade ambiental: aire, ruído e contaminación lumínica.....</i>	<i>22</i>
5.2.4	<i>Lixo e verteduras.....</i>	<i>23</i>
5.2.5	<i>Cans soltos.....</i>	<i>24</i>
5.2.6	<i>Colonias felinas.....</i>	<i>25</i>
5.2.7	<i>Incendios.....</i>	<i>25</i>
5.2.8	<i>Mobiliario, sinais e outros elementos.....</i>	<i>26</i>
6	DIRECTRICES PARA A XESTIÓN DO ESPAZO NATURAL.....	27
6.1	<i>Directrices sobre os valores naturais.....</i>	<i>27</i>
6.2	<i>Directrices sobre o uso público.....</i>	<i>28</i>
6.3	<i>Directrices sobre o mobiliario, sinais e outros elementos.....</i>	<i>28</i>
6.4	<i>Directrices sobre as actividades científicas.....</i>	<i>29</i>
6.5	<i>Directrices sobre as actividades culturais e educativas.....</i>	<i>30</i>

7	USOS TRADICIONAIS E GRAVAMES.....	31
7.1	<i>Réxime xeral de usos.....</i>	<i>31</i>
7.2	<i>Usos tradicionais. Aproveitamento dos recursos naturais.....</i>	<i>31</i>
7.3	<i>Gravames.....</i>	<i>32</i>
8	ZONIFICACIÓN DO ENIL.....	34
8.1	<i>Zonas prioritarias de conservación.....</i>	<i>34</i>
8.2	<i>Zonas de protección.....</i>	<i>34</i>
8.3	<i>Zonas de uso moderado.....</i>	<i>35</i>
9	NORMAS DE USO.....	35
9.1	<i>Infraccións.....</i>	<i>35</i>
9.2	<i>Protección da fauna e flora.....</i>	<i>35</i>
9.3	<i>Protección do solo e da paisaxe.....</i>	<i>36</i>
9.4	<i>Protección das zonas húmidas.....</i>	<i>36</i>
9.5	<i>Uso público, actividades científicas, culturais, educativas e eventos.....</i>	<i>37</i>
9.6	<i>Actividades permitidas.....</i>	<i>38</i>
9.7	<i>Actividades autorizables.....</i>	<i>39</i>
10	OBJECTIVOS DE CONSERVACIÓN.....	40
11	MEDIDAS DE XESTIÓN. LIÑAS DE TRABAJO PRIORITARIAS.....	42
11.1	<i>Restauración e ampliación do bosque de ribeira no rego da Lagoa.....</i>	<i>42</i>
11.2	<i>Restauración e ampliación das comunidades de toxo e breixo.....</i>	<i>42</i>
11.3	<i>Restauración e protección das charcas para anfibios.....</i>	<i>43</i>
11.4	<i>Restauración e protección dos cantís costeiros con vexetación.....</i>	<i>43</i>
11.5	<i>Programas de fomento para a captación de biodiversidade autóctona.....</i>	<i>44</i>
11.6	<i>Loita contra as plantas exóticas invasoras.....</i>	<i>44</i>
11.7	<i>Loita contra a fauna exótica invasora.....</i>	<i>45</i>
11.8	<i>Realización de estudos de fauna, flora e hábitats.....</i>	<i>46</i>
11.9	<i>Mantemento nas zonas de protección e de uso moderado.....</i>	<i>46</i>
11.9.1	<i>Plan de sega.....</i>	<i>46</i>
11.9.2	<i>Cronograma.....</i>	<i>47</i>

11.10	<i>Alternativas á presenza de cans soltos: áreas caninas.....</i>	<i>49</i>
11.11	<i>Programa de control ético das colonias felinas.....</i>	<i>49</i>
11.12	<i>Mellora da calidade ambiental (aire, ruído, contaminación lumínica).....</i>	<i>50</i>
11.13	<i>Restauración dos espazos deturpados polo cascallo de obra e lixo.....</i>	<i>50</i>
11.14	<i>Mellora da calidade das zonas húmidas e erradicación de verteduras.....</i>	<i>51</i>
11.15	<i>Redución da presión antrópica mediante a reordenación das sendas.....</i>	<i>51</i>
11.16	<i>Integración ambiental do mobiliario.....</i>	<i>52</i>
11.17	<i>Mantemento do patrimonio cultural.....</i>	<i>52</i>
11.18	<i>Estudo da posible reordenación dos elementos escultóricos.....</i>	<i>53</i>
11.19	<i>Campañas de divulgación e educación ambiental.....</i>	<i>53</i>
12	PREVISIÓNS ORZAMENTARIAS.....	54
13	ANEXO I .- PLANOS.....	60
13.1	<i>Plano 1 .- Ámbito territorial e delimitación.....</i>	<i>60</i>
13.2	<i>Plano 2 .- Hábitats.....</i>	<i>61</i>
13.3	<i>Plano 3 .- Zonas de protección.....</i>	<i>62</i>
13.4	<i>Plano 4 .- Distribución das principais plantas exóticas invasoras.....</i>	<i>63</i>
13.5	<i>Plano 5 .- Sendas secundarias a suprimir.....</i>	<i>64</i>

1 LIMIAR

O 5 de xuño de 2017, o Pleno do Concello da Coruña acordou por unanimidade iniciar o procedemento de declaración da contorna da Torre de Hércules como *espazo natural de interese local* (ENIL). Ademais, conforme as esixencias do Decreto 124/2005, do 6 de maio, polo que se regula a figura do espazo natural de interese local e a figura do espazo privado de interese natural, *“manifestou o compromiso formal do Concello de poñer en práctica as medidas precisas para a conservación dos valores naturais que motivan a declaración, así como de elaborar o correspondente Plan de conservación e de uso público deste espazo”*.

O 31 de xaneiro de 2018 o Concello da Coruña solicitou a declaración como ENIL do espazo denominado Torre de Hércules. O expediente da declaración consta dunha memoria, planos e do Acordo adoptado polo Pleno do Concello do 5 de xuño de 2017, onde se asumen os compromisos formais citados.

O 13 de xaneiro de 2020, publicouse no DOG nº 7/2020 a Orde do 27 de decembro de 2019 pola que se declara, de xeito provisional, como espazo natural de interese local, o espazo denominado Torre de Hércules, no Concello da Coruña. No punto terceiro da devandita Orde, di:

Plan de conservación.

1. Durante o prazo da declaración provisional do ENIL Torre de Hércules e como requisito imprescindible para que se produza a súa declaración definitiva como espazo natural protexido, o Concello da Coruña deberá de achegar á consellería con competencia en materia de conservación da natureza o Plan de conservación deste espazo. O Plan deberá ter en conta as consideracións feitas e recollidas nos informes sectoriais aos que se alude na parte expositiva desta orde e deberá garantir que a xestión que se propoña para o ENIL teña coherencia e sexa compatible coa conservación dos valores existentes.

En xaneiro de 2020 realizouse unha consulta aclaratoria á Consellería de Medio Ambiente, Territorio e Vivenda, Dirección Xeral de Patrimonio Natural, sobre a normativa de aplicación para a redacción deste Plan de conservación. En febreiro de 2020 recibíuse a resposta, indicando que *«o contido do Plan de Conservación do ENIL Torre de Hércules debe adaptarse ao establecido na Lei 9/2001»* (Lei 9/2001, do 21 de agosto, de conservación da natureza; DOG nº 171/2001), tal como se indica a Orde do 27 de decembro de 2019, de declaración provisional do ENIL da Torre de Hércules.

A regulación dos espazos naturais de interese local recollida na Lei 9/2001, do 21 de agosto, de conservación da natureza (DOG nº 171/2001), foi desenvolvida polo Decreto 124/2005, do 6 de maio, polo que se regula a figura do espazo natural de interese local e a figura do espazo privado de interese natural.

Ademais do cumprimento da normativa citada, neste Plan de conservación inclúense a totalidade de indicacións dispostas no punto 3º (Plan de conservación) da *Orde do 27 de decembro de 2019 pola que se declara, de xeito provisional, como espazo natural de interese local, o espazo denominado Torre de Hércules, no Concello da Coruña* (DOG nº 7/2020), así como as recomendacións e emenda das deficiencias descritas no requirimento da Subdirección Xeral de Espazos Naturais, con data do 26 de xaneiro do 2022.

2 LEXISLACIÓN APLICABLE

2.1 PREVALENCIA DO PLAN

A Lei 9/2001, do 21 de agosto, de conservación da natureza, dispón no seu artigo 39º. Efectos. que “Os plans de conservación serán vinculantes, tanto para as administracións públicas coma para os particulares, prevalecerán sobre o planeamento urbanístico e a súa aprobación levará aparellada a revisión dos plans territoriais ou sectoriais incompatibles con eles”. (DOG nº 171/2001).

O Decreto 124/2005, do 6 de maio, polo que se regula a figura de espazo natural de interese local e a figura de espazo privado de interese natural, artigo 6º.5., reproduce o mesmo texto que o devandito artigo 39º da Lei 9/2001.

2.2 RÉXIME DE PROTECCIÓN PREVENTIVA OU CAUTELAR

O artigo 25º da Lei 9/2001, do 21 de agosto, de conservación da natureza, dispón:

Réxime de protección preventiva.

1. A iniciación dun procedemento de declaración dun espazo natural protexido ou do procedemento para a elaboración dalgún dos instrumentos de ordenación previstos nesta lei determinará a prohibición de realizar actos que supoñan unha transformación sensible da realidade física ou biolóxica que dificulte ou imposibilite a consecución dos obxectivos da declaración de espazo natural protexido ou supoña un risco para os seus valores naturais.

2. En calquera caso, a iniciación do procedemento de aprobación dun plan de ordenación dos recursos naturais determinará automaticamente a esixencia de informe favorable da Consellería de Medio Ambiente para calquera autorización, licencia ou concesión que habilite para realizar transformacións da realidade física ou biolóxica no ámbito territorial ó que afecta o plan de ordenación dos recursos naturais.

O artigo 23º da Lei 42/2007, de 13 de decembro, del Patrimonio Natural y de la Biodiversidad, di:

Protección cautelar.

1. Durante la tramitación de un Plan de Ordenación de los Recursos Naturales o delimitado un espacio natural protegido y mientras éste no disponga del correspondiente planeamiento regulador, no podrán realizarse actos que supongan una transformación sensible de la realidad física y biológica que pueda llegar a hacer imposible o dificultar de forma importante la consecución de los objetivos de dicho Plan.

2.3 NORMATIVA AMBIENTAL

En relación coa normativa de aplicación, dada a derogación da Lei 9/2001 con posterioridade á publicación da Orde do 27 de decembro de 2019, pola Lei 5/2019, do 2 de agosto, fíxose unha consulta (28.01.2020) á Dirección Xeral de Patrimonio Natural respondendo (06.02.2020), o seguinte:

“... posto que se iniciou a tramitación do ENIL Torre de Hércules de acordo co establecido na Lei 9/2001, o Plan de Conservación del ENIL Torre de Hércules debe adaptarse ao establecido nesta lei”.

En consecuencia, a lexislación ambiental de referencia neste plan de conservación é:

- Orde do 27 de decembro de 2019 pola que se declara, de xeito provisional, como espazo natural de interese local, o espazo denominado Torre de Hércules, no Concello da Coruña (DOG nº 7/2020).
- Decreto 124/2005, do 6 de maio, polo que se regula a figura de espazo natural de interese local e a figura de espazo privado de interese natural. (DOG nº 95/2005)
- Lei 9/2001, do 21 de agosto, de conservación da natureza (DOG nº 171/2001)
- Lei 42/2007, de 13 de decembro, del Patrimonio Natural y de la Biodiversidad. (BOE nº 299/2007)

2.4 RÉXIME URBANÍSTICO

O PXOM 2013 dispón que o ámbito de protección se inclúe na Área de planeamento PEQ14, no que haberá que redactar un plan especial, cuxo réxime de solo se regula na sección 3.^a do capítulo 2 do título III da normativa do PXOM 2013 e se concreta na sección 4.^a do capítulo 1 do título IV. Mentres non se aprobe este plan, aplicaranse as determinacións do Plan especial de ordenación, protección, conservación e mellora da península da Torre de Hércules, aprobado o 14 de marzo de 1997, coas modificacións derivadas do desenvolvemento do POL-H2.01-Rolda de Monte Alto do Plan xeral de 1998.

O Plan especial de ordenación, protección, conservación e mellora da península da Torre de Hércules formulouse de acordo co establecido no artigo 20 da Lei 16/1985, do 25 de xuño, do patrimonio histórico español, a cal determina a obriga de redactar un plan especial de protección. O ámbito proposto tamén pertence á Zona Primeira e Zona de Respecto da Zona Primeira do Conxunto Histórico Artístico da Coruña (DOG núm. 57, do 22.03.1984). Existe, ademais, un expediente de modificación puntual do PXOM 2013 vixente no ámbito do PEQ14-Parque da Torre de Hércules, coa identificación 631/2016/283-MPX 2/2016.

Ao tratarse dun plan adaptado á Lei 9/2002, do 30 de decembro, de ordenación urbanística de Galicia (LOUGA), aplícase a disposición transitoria 1.^a.1 da Lei 2/2016, do 10 de febreiro, do solo de Galicia (LSG). A regra é que, para o solo rústico, se aplicará o réxime do solo rústico contido na mesma lei e se manterá, en todo caso, a vixencia das categorías do solo contidas no plan; para o solo urbano consolidado aplicarase totalmente o disposto no plan. Polo tanto:

- Na zona de solo rústico de protección aplicaranse os distintos réximes de forma complementaria (artigo 34.4 da LSG). Trátase de solo rústico de protección de costas, de protección da paisaxe e de protección patrimonial e o seu réxime de uso é o regulado no artigo 36 da LSG. De forma complementaria, haberá que atender a ordenación establecida no Plan especial de ordenación, protección, conservación e mellora da península da Torre de Hércules (sección 4.^a do capítulo 1 do título IV da normativa PXOM 2013).
- A partir da declaración do espazo Torre de Hércules como ENIL, aplicarase ao ámbito declarado o réxime de solo rústico de protección de espazos naturais por tratarse dun espazo natural protexido. Neste contexto, sinalamos que o artigo 3.4.1 do PXOM 2013 non recolle esta categoría de solo rústico (SREPg), o que deberá considerarse na adaptación do Plan urbanístico para incorporar as consideracións ambientais, facendo efectivo o compromiso de conservación adquirido polo Concello da Coruña.

3 ÁMBITO TERRITORIAL E DELIMITACIÓN

O ENIL Torre de Hércules localízase na folla 21.III da cartografía 1:25.000 do Instituto Xeográfico Nacional e ocupa unha superficie de 39,48 ha. A delimitación, de oeste a leste, abranguería dende a marxe esquerda da praia das Lapas, pasando pola contorna da Torre de Hércules, punta Herminia e campo da Rata, ata a marxe dereita da Cala de Durmideiras:

- O límite interior sería o determinado polo paseo marítimo e a senda que vai dende a antiga Cárcere Provincial ata a rotonda da Torre de Hércules.
- O límite exterior sería o mar, considerando a liña do deslindamento DL-181-LC (aprobado por Orde ministerial do 28 de xaneiro de 2004) e DL-106-LC (aprobado por Orde ministerial do 11 de marzo de 2004), así como a franxa intermareal e os cantís que emerxen na máxima baixamar. O ámbito do ENIL inclúe terreos de dominio público marítimo-terrestre, estando parcialmente afectado polas servidumes de tránsito e de protección e totalmente afectado pola zona de influencia de 500 metros de anchura.

Ver cartografía: anexo I. Plano 1. Delimitación do ENIL “Torre de Hércules”.

4 FINALIDADES DO PLAN E PRINCIPIOS INSPIRADORES DA XESTIÓN

De conformidade co artigo 16 da Lei 42/2007, do patrimonio natural e da biodiversidade, os recursos naturais e os espazos naturais por protexer serán obxecto de planificación coa finalidade de adecuar a xestión aos principios inspiradores sinalados no artigo 2 desta lei. Neste senso, a programación de actuacións do ENIL considerará, polo menos:

- a) O mantemento dos procesos ecolóxicos esenciais e dos sistemas vitais básicos, apoiando os servizos dos ecosistemas para o benestar humano.
- b) A conservación e a restauración da biodiversidade e da xeodiversidade.
- c) A utilización ordenada dos recursos para garantir o aproveitamento sustentable do patrimonio natural, en particular das especies e dos ecosistemas, a súa conservación, restauración e mellora e evitar a perda neta de biodiversidade.
- d) A conservación e preservación da variedade, singularidade e beleza dos ecosistemas naturais, da diversidade xeolóxica e da paisaxe.

- e) A integración dos requisitos da conservación, uso sustentable, mellora e restauración do patrimonio natural e da biodiversidade nas políticas sectoriais e, en particular, na toma de decisións no ámbito político, económico e social, así como a participación xusta e equitativa na repartición de beneficios que deriven da utilización dos recursos xenéticos.
- f) A prevalencia da protección ambiental sobre a ordenación territorial e urbanística e os supostos básicos da devandita prevalencia.
- g) A precaución nas intervencións que poidan afectar espazos naturais ou especies silvestres.
- h) A garantía da información á cidadanía e concienciación sobre a importancia da biodiversidade, así como a súa participación no deseño e execución das políticas públicas, incluída a elaboración de disposicións de carácter xeral, dirixidas á consecución dos obxectivos desta lei.
- i) A prevención dos problemas emerxentes consecuencia do cambio climático, a mitigación e adaptación a este, así como a loita contra os seus efectos adversos.
- j) A contribución dos procesos de mellora na sustentabilidade do desenvolvemento asociados a espazos naturais ou seminaturais.
- k) A participación das persoas habitantes e propietarias dos territorios incluídos en espazos protexidos nas actividades coherentes coa conservación do patrimonio natural e da biodiversidade que se desenvolvan nos devanditos espazos e nos beneficios que deriven delas.

Así mesmo, en virtude do artigo 37 da Lei 9/2001, do 21 de agosto, de conservación da natureza, o Plan de conservación establecerá o réxime de usos e actividades permisibles, así como as limitacións que se consideren necesarias para a conservación do espazo.

Na xestión do ENIL darase cumprimento da normativa de igualdade de xénero, Lei 2/2014, do 14 de abril, pola igualdade de trato e a non discriminación de lesbianas, gais, transexuais, bisexuais e intersexuais en Galicia, e coidarase a utilización dunha linguaxe inclusiva, non sexista.

5 VALORES NATURAIS DO ESPAZO E FACTORES DE RISCO

5.1 IDENTIFICACIÓN DOS VALORES NATURAIS A CONSERVAR

A contorna da Torre de Hércules ten unha gran importancia paisaxística e ecolóxica. Alberga unha notable biodiversidade, tanto a nivel de flora e fauna, como de hábitats salientables a protexer. O inventario destes valores naturais descríbese de xeito pormenorizado na memoria presentada o 31 de xaneiro de 2018 para solicitar a declaración de espazo natural de interese local.

As fontes utilizadas para a súa elaboración foron o *Mapa da biodiversidade da Coruña* elaborado polo Concello da Coruña (ano 2017) e diversas colaboracións científicas, o que permitiu identificar a presenza de numerosos grupos faunísticos e florísticos.

Os valores naturais son, a grandes liñas, os seguintes: foron catalogados sete hábitats de interese comunitario na área considerada e contorna inmediata: **1110** bancos de area cubertos permanentemente por auga mariña pouco profunda, **1160** grandes calas e baías pouco profundas, **1170** arrecifes, **1210** vexetación anual sobre argazos, **1220** vexetación perenne de coídos, **1230** cantís con vexetación das costas atlánticas e bálticas e **4030** breixeiras secas europeas. Destaca a presenza de *Armeria maritima* e *pubigera*, indicadoras do hábitat 1230, cantís con vexetación das costas atlánticas e bálticas, asociadas as formacións *Crithmo-Armerion maritimae* (Gehu 1968) e *Crithmo maritimi-Armerietum pubigeræ* (Rivas-Martínez 1978).

En canto á fauna, destaca a diversidade de aves (100 especies), insectos (231 especies), fungos (50 especies) e plantas (195 especies). Entre os insectos, sinalamos a *Danaus plexippus* por encontrarse no Apéndice II do Convenio de Bonn e a vacaloura (*Lucanus cervus*) especie recollida no anexo II da Directiva 92/43/CEE e no Apéndice III do Convenio de Berna. Entre os mamíferos, encontramos representado o ourizo (*Erinaceus europæus*) e o morcego común (*Pipistrellus pipistrellus*), incluído no Listado de especies de interese especial e no anexo IV da Directiva 92/43/CEE, no Apéndice II (1985) do Convenio de Bonn e no Apéndice III do Convenio de Berna. O anfibio *Discoglossus galganoi*, endemismo incluído nos anexos II e IV da Directiva 92/43/CEE e no Apéndice II do Convenio de Berna. Cincuenta e cinco especies de aves inclúense nos anexos do Convenio de Bonn, Convenio de Berna, Directiva 2009/147/CE, Catálogo Galego de Especies Ameazadas, Catálogo Español de Especies Ameazadas ou na Lista Vermella da Unión Internacional para a Conservación da Natureza (IUCN).

Especies identificadas no ENIL “Torre de Hércules”

Taxón	Especies autóctonas	Especies alóctonas	Total
algas	18	0	18
anfibios	3	0	3
arácnidos	2	1	3
aves	98	2	100
crustáceos	4	0	4
fungos	50	0	50
hepáticas	1	0	1
insectos	230	1	231
liques	7	0	7
mamíferos	6	2	8
moluscos	6	0	6
outros invertebrados	4	0	4
peixes	0	1	1
plantas	115	80	195
réptiles	1	0	1
TOTAL	545	87	632

5.1.1 Paisaxe

O ENIL da Torre de Hércules supón un fito paisaxístico diferenciado en tanto que trátase da maior superficie non urbanizada da península da Coruña. É ademais un dos mellores miradoiros cara ao Atlántico e ás rías do Golfo Ártabro. Dende este espazo pódese ollar a ría da Coruña e parte das rías de Betanzos e Ferrol. A paisaxe do ENIL confórmase tanto pola súa condición de miradoiro como pola súa propia fisionomía natural, na que se atopan presentes dende os hábitats vencellados aos cantís con fortes pendentes -tales como a vexetación das costas atlánticas e bálticas, ata os hábitats con pendentes máis moderadas, como as breixeiras secas europeas, as comunidades higrófilas dos humedais das pozas ou as ripícolas do rego da Lagoa. A suave topografía no ámbito do ENIL, sumada á presenza dunha fitocenose de porte fundamentalmente herbáceo, forma unha unidade paisaxística en toda a contorna da Torre de Hércules na que o océano e máis a flora preséntanse case no mesmo plano. Tamén, dentro do ENIL atópanse as calas de Durmideiras, dos Mouros e máis a praia das Lapas, esta última, recollida no Decreto 38/2019, do 14 de marzo, polo que se aproba a catalogación dos tramos urbanos e naturais das praias de Galicia, foi declarada “tramo natural”. Por outra banda, a imaxe cultural da Torre de Hércules depende tanto da súa forma como edificio como do emprazamento no que se sitúa, polo que os valores culturais do ámbito beben en gran medida da saúde da paisaxe natural da contorna.

No contexto normativo representado pola Lei da Paisaxe e as DOT, a Xunta deseñou a Estratexia da Paisaxe de Galicia, que comezou o seu desenvolvemento coa aprobación do Plan de Ordenación do Litoral de Galicia (POL). A Planificación 2017-2020 da Estratexia de Galicia, no seu Plan Operativo, define para os seus Obxectivos Xerais (OX), diversas liñas de actuación en relación co ENIL, entre as que hai que destacar as seguintes:

OX03. Mellora e potenciación dos valores paisaxísticos

LO02. Mellora da paisaxe nos espazos naturais protexidos

LO03. Posta en valor das paisaxes culturais e dos territorios históricos dos camiños de Santiago

LO04. Posta en valor dos lugares de especial interese paisaxístico

5.1.2 Fauna

5.1.2.1 Invertebrados

Identificáronse numerosas especies de invertebrados, sendo os insectos o taxón máis numeroso (231 especies), así como arácnidos, crustáceos e invertebrados non artrópodos, citados na táboa resumo deste apartado e relacionadas polo miúdo nos valores naturais da memoria

descriptiva do ENIL. Atendendo ao réxime de protección que os ampara, cómpre salientar a bolboreta monarca *Danaus plexippus*, que está no apéndice II (1979) do Convenio de Bonn, e a vacaloura *Lucanus cervus*, que figura no anexo II da Lei 42/2007 de Patrimonio Natural y Biodiversidad (especies animais e vexetais de interese comunitario para cuxa conservación é necesario designar zonas especiais de conservación), e no Real Decreto 139/2011, de 4 de febreiro, para el desarrollo del Listado de Especies Silvestres en Régimen de Protección Especial y del Catálogo Español de Especies Amenazadas.

5.1.2.2 Peixes

No *Mapa da Biodiversidade* elaborado polo Concello da Coruña en 2017 faise mención á posible presenza no ENIL do peixe dourado *Carassius auratus* en charcas e humedais. Non obstante, esta especie alóctona non se atopou nos traballos de campo recentes. No suposto de acontecer, proceden de soltas despois de telos en acuarios caseiros. Esta especie aínda non figura no Real Decreto 630/2013, de 2 de agosto, por el que se regula el Catálogo español de especies exóticas invasoras, se ben cada vez máis comunidades autónomas están tomando medidas para evitar o seu espallamento polo comportamento invasor que manifesta.

5.1.2.3 Anfibios e réptiles

Atopáronse varias especies, entre eles o lagarto *Podarcis bocagei*, o pintafontes verde *Triturus marmoratus* e o sapo cunqueiro *Bufo spinosus*, nas áreas denominadas charcas, así como a rá das veigas *Discoglossus galganoi*, que se inclúe nos anexos II e IV da Directiva 92/43/CEE e no apéndice II do Convenio de Berna.

5.1.2.4 Aves

Catalogáronse 100 especies de aves neste espazo natural, entre as que compre salientar aquelas que se atopan nalgún réxime de protección, a efectos de priorizar a súa protección. Na listaxe que segue relaciónanse especies incluídas nos anexos da Lei 42/2007 del Patrimonio Natural y la Biodiversidad, no Real Decreto 139/2011, de 4 de febreiro, para el desarrollo del Listado de Especies Silvestres en Régimen de Protección Especial y del Catálogo Español de Especies Amenazadas, así como no Convenio de Bonn, Convenio de Berna ou na Lista Vermella da Unión Internacional para a Conservación da Natureza (IUCN).

	Nome	Nome científico
1	Pardela cincenta	<i>Calonectris diomedea</i>
2	Pardela furabuchos	<i>Puffinus puffinus</i>
3	Pardela balear	<i>Puffinus mauretanicus</i>
4	Paíño común	<i>Hydrobates pelagicus</i>
5	Paíño de Madeira	<i>Hydrobates castro</i>

	Nome	Nome científico
6	Mascato atlántico	<i>Sula bassana</i>
7	Corvo mariño grande	<i>Phalacrocorax carbo</i>
8	Corvo mariño cristado	<i>Phalacrocorax aristotelis</i>
9	Parrulo pentumeiro común	<i>Melanitta nigra</i>
10	Azor	<i>Accipiter gentilis</i>
11	Gavián	<i>Accipiter nisus</i>
12	Miñato	<i>Buteo buteo</i>
13	Lagarteiro peneireiro	<i>Falco tinnunculus</i>
14	Falcón peregrino	<i>Falco peregrinus</i>
15	Gabita	<i>Haematopus ostralegus</i>
16	Mazarico chiador	<i>Numenius phaeopus</i>
17	Bilurico bailón	<i>Actitis hypoleucos</i>
18	Píllara riscada	<i>Arenaria interpres</i>
19	Falaropo bicogroso	<i>Phalaropus fulicaria</i>
20	Palleira parasita	<i>Stercorarius parasiticus</i>
21	Palleira pomarina	<i>Stercorarius pomarinus</i>
22	Palleira grande	<i>Catharacta skua</i>
23	Gaivota cabecinegra	<i>Larus melanocephalus</i>
24	Gaivota chorona	<i>Larus ridibundus</i>
25	Arao dos cons	<i>Uria algae ibericus</i>
26	Arao romeiro	<i>Alca torda</i>
27	Lavandeira verdeal	<i>Motacilla flava iberiae</i>
28	Rabirrubio tizón	<i>Phoenicurus ochruros</i>
29	Chasco común	<i>Saxicola torquata</i>
30	Pedreiro cincento	<i>Oenanthe oenanthe</i>
31	Merlo común	<i>Turdus merula</i>
32	Corvo común	<i>Corvus corone</i>
33	Gorrión	<i>Passer domesticus</i>
34	Liñaceiro	<i>Carduelis cannabina</i>
35	Carrán cristado	<i>Sterna sandvicensis</i>
36	Carrán ártico	<i>Sterna paradisaea</i>
37	Carrán común	<i>Sterna hirundo</i>
38	Carrán pequeno	<i>Sterna albifrons</i>
39	Gaivota escura	<i>Larus fuscus</i>
40	Gaivota tridáctila	<i>Rissa tridactyla</i>
41	Pombo	<i>Columba palumbus</i>
42	Pega rabilonga	<i>Pica pica</i>
43	Estornio	<i>Sturnus vulgaris</i>
44	Carrizo	<i>Troglodytes</i>
45	Parrulo ferruxento	<i>Aythya nyroca</i>
46	Gaivina negra	<i>Chlidonias niger</i>
47	Miñato real	<i>Milvus milvus</i>

5.1.2.5 Mamíferos

Entre os mamíferos presentes no ENIL é frecuente observar a rata común *Rattus norvegicus* e a toupa *Talpa occidentalis*. Débese salientar a presenza do ourizo *Erinaceus europaeus*, incluído

no apéndice III do Convenio de Berna, e do morcego pequeno *Pipistrellus*, que figura no anexo IV da Directiva 92/43/CEE, apéndice II (1985) do Convenio de Bonn e no apéndice III do Convenio de Berna. Hai varias colonias de gatos ferais *Felis catus* e tamén é frecuente ver cans *Canis familiaris* ceibos.

5.1.3 Flora

O inventario pormenorizado das especies de flora vascular presentes no ENIL describiuse na memoria presentada o 31 de xaneiro de 2018 para solicitar a declaración de espazo natural de interese local. A efectos deste plan de conservación e de xestión do ENIL, destaca a presenza dunha especie nativa declarada “vulnerable” pola IUCN, a herba de namorar *Armeria marítima*, e tres comunidades vexetais (asociacións) sintaxonómicas relacionadas con hábitats de interese comunitario: **123010** *Crithmo-Armerion maritimae* Géhu 1968 (Cantís con vexetación das costas atlánticas e bálticas) **123012** *Crithmo maritimi-Armerietum pubigeræ* Rivas-Martínez 1978 (Cantís con vexetación das costas atlánticas e bálticas) e **303049** *Ulici europaei-Ericetum cinereae* Bellot 1949 (Breixeiras secas europeas).

As especies máis salientables son:

	Familia	Especie
1	Plumbaginaceae	<i>Armeria marítima</i>
2	Plumbaginaceae	<i>Armeria pubigera</i>
3	Chenopodiaceae	<i>Beta marítima</i>
4	Cruciferae	<i>Cochlearia danica</i>
5	Gramineae	<i>Dactylis glomerata</i>
6	Malvaceae	<i>Lavatera cretica</i>
7	Compositae	<i>Matricaria marítima</i> subsp <i>marítima</i>
8	Plantaginaceae	<i>Plantago coronopus</i>
9	Plantaginaceae	<i>Plantago lanceolata</i>
10	Polygonaceae	<i>Rumex acetosa</i> subsp <i>biformis</i>
11	Polygonaceae	<i>Rumex crispus</i>
12	Crassulaceae	<i>Sedum album</i>
13	Caryophyllaceae	<i>Silene dioica</i>
14	Caryophyllaceae	<i>Silene marina</i>
15	Caryophyllaceae	<i>Spergularia media</i>
16	Urticaceae	<i>Urtica dioica</i>
17	Fabaceae	<i>Ulex europaeus</i>
18	Aspleniaceae	<i>Asplenium</i>
19	Betulaceae	<i>Alnus glutinosa</i>
20	Salicaceae	<i>Salix</i> spp
21	Buxaceae	<i>Buxus sempervivens</i>
22	Ericaceae	<i>Erica</i> spp
23	Poaceae	<i>Festuca rubra</i>
24	Rosaceae	<i>Rubus ulmifolius</i>
25	Chenopodiaceae	<i>Atriplex halimus</i>

A comunidade vexetal presente no ENIL pódese dividir en tres grandes grupos en función da súa composición e posición en gradiente altitudinal.

En primeiro lugar, sitúase a vexetación asociada aos cantís, que supón o total do perímetro exterior costeiro, e que varía dende a zona máis próxima á liña de marea, ocupada por especies halófilas como *Matricaria marítima subsp marítima*; pasando pola zona media, con presenza de fentos e *Armeria marítima* ata a zona superior do cantil; e tamén matogueiras de toxos e carpazas, na parte superior do cantil.

En segundo lugar, obsérvanse especies de porte arbóreo, como amieiros e salgueiros próximos ao Regato das Lapas, matogueira baixa formada por silvas, algunha gramínea e vexetación arbustiva.

En terceiro lugar, atoparíanse as praderías ou zonas de matogueira baixa, que predominan na superficie do ENIL non asociada directamente ao cantil. Están formadas por gramíneas, herbáceas de distintos portes e algúns arbustos como *Atriplex halimus*, de orixe ornamental.

Nas áreas máis próximas ás zonas de praia e calas, a apertura de camiños con terra espida favorece a proliferación de especies ruderais, como poden ser a *Lavatera cretica* e *Sedum album* (vencelladas ás fendas dos rochedos).

A comunidade de maior relevancia é a asociación *Armeria pubigera/marítima*-*Crithmo marítima* polo seu estado de conservación e o seu rango de distribución dependente dos cantís.

5.1.4 Hábitats

A existencia dos distintos hábitats presentes no ámbito do ENIL vai vencellada a tres biótopos específicos. O primeiro é o biótomo costeiro, no cal se sitúan as comunidades aerohalófilas, asociadas á salpicadura salina e ás pendentes abruptas dos cantís. O segundo comprende o espazo topográfico con máis inclinación na contorna da Torre de Hércules, cunha influencia marítima algo menor, no que se distribúen os breixos mesófilos ou xerófilos. O terceiro biótomo é o húmido de auga doce -en curso ou estanca-, no que están instaladas as comunidades ripícolas e higrófilas. Non obstante, observouse unha ampla diversidade entre xéneros e familias, polo que certas áreas dos hábitats coexisten en mosaico con outras comunidades veciñas.

Como se indicou previamente, foron catalogados sete hábitats de interese comunitario no ENIL e na súa contorna inmediata (figuran no anexo I da Lei 42/2007 del Patrimonio Natural y de la Biodiversidad). Catro deles están no ámbito mariño, no seu límite exterior: **1110** bancos de area cubertos permanentemente por auga mariña pouco profunda, **1170** arrecifes, **1210** vexetación anual sobre argazos e **1220** vexetación perenne de coídos. Dentro do ámbito do ENIL catalogáronse tres grandes hábitats de interese comunitario e dous hábitats de interese local:

5.1.4.1 Hábitats de interese comunitario

- 1160 Grandes calas e baías pouco profundas

Este hábitat está formado por entrantes na liña de costa sen achega de auga doce e protexidos da ondada. Presentan varios tipos de substratos cunha clara zonación das comunidades bentónicas, caracterizadas pola súa gran biodiversidade. O límite das augas pouco profundas está algunhas veces definido pola distribución de asociacións de *Zosteretea* e *Potametea*. Atópase incluído dentro da subrexión marxe galega, ría da Coruña, Sada e Ferrol.

- 1230 Cantís con vexetación das costas atlánticas e bálticas

Trátase de cantís do océano Atlántico con comunidades rupícolas aerohalófilas. Este hábitat constitúe a primeira banda de vexetación dende a zona supralitoral no propio ámbito do ENIL. É un hábitat asociado aos cantís de forte pendente, e a súa distribución ven marcada pola liña de salpicaduras e dos fortes ventos. A fitocenose está formada por pastizais de fiuncho do mar (*Crithmum maritimum*), acompañados por especies como *Armeria marítima*, *Armeria pubigera* ou *Festuca rubra*. En xeral, distribúese de xeito máis ou menos equilibrado ao longo da primeira franxa supralitoral no ámbito do ENIL. Por outra banda, atópanse nesta mesma franxa pequenos rodais formados por *Erica spp.* con predominancia de *E. vagans*, marcando un mosaico de transición entre este hábitat e o de “Breixeiras secas europeas” (Hábitat 4030).

- 4030 Breixeiras secas europeas

É o hábitat de interese de maior extensión no ámbito do ENIL. Distribúese principalmente na contorna da Torre de Hércules e tamén no bordo do cantil, cunha densidade maior no bordo de punta Herminia e menor no campo da Rata. Trátase de breixos mesófilos ou xerófilos sobre solos silíceos de tendencia podzólica de áreas húmidas atlánticas e subatlánticas situados en chairas e montañas baixas do oeste, centro e norte de Europa. Son formacións arbustivas xeralmente densas de porte medio-baixo. Dominan as especies dos xéneros *Erica*, *Calluna*, *Ulex*, *Cytisus* ou *Stauracanthus*, que distribúense dende o nivel do mar ata os 1900 m de altitude. Este hábitat convive nalgúns áreas do bordo de cantil en mosaico con “Breixeiras secas atlánticas costeiras de *Erica vagans*” (Hábitat 4040).

5.1.4.2 Hábitats de interese local

- Charcas permanentes e/ou estacionais

Trátase dun hábitat de interese a nivel local debido á escasa presenza de cursos de auga. A existencia das pozas e charcas no ENIL vai asociada aos rochedos silíceos das zonas máis aplanadas do ámbito que captan as pequenas liñas das escorrentías pluviais. Nestes humedais coloniza en maior parte a vexetación higrófila, aínda que pouca de carácter palustre, existindo algúns exemplares de *Carex spp.* Outro valor destes biótopos ven dado por ser o hábitat dunha gran herpetofauna ligada aos espazos húmidos, como a rá das veigas (*Discoglossus galganoi*), o pintafontes verde (*Triturus marmoratus*), ou o sapo cunqueiro (*Bufo spinosus*), entre outros. Por outra banda, a microbiocenose presente nas charcas acelera o ciclado de nutrientes, así como a desnitrificación e máis a asimilación dos metais pesados. Este hábitat, polo tanto, encárgase da fitodepuración dos contaminantes que son arrastrados polas escorrentías pluviais dende as cotas máis altas.

- Rego da Lagoa

O pequeno curso fluvial que desauga na praia das Lapas está conformado por unha canle encaixada que transcorre libre dende a parte baixa do aparcamento ata a desembocadura na praia. A fitocenose está conformada principalmente pola clase *Alnetea glutinosae*. Fórmase as comunidades ripícolas e higrófilas vencelladas á presenza de auga en movemento e o encharcamento estacional, coa presenza de *Alnus glutinosa* como dominante e *Salix spp.* Serve de hábitat para numerosas especies, salientando os anfibios e unha gran diversidade de aves, que atopan acubillo e mesmo aniñan neste hábitat, aproveitando o porte arbóreo e a ampla superficie de dosel.

5.1.5 Patrimonio cultural

Ademais da Torre de Hércules -declarada o 27 de xuño de 2009 Patrimonio Mundial da Humanidade pola UNESCO-, no ámbito do ENIL atópase un conxunto de elementos culturais que se agrupan en bens arqueolóxicos e elementos escultóricos:

5.1.5.1 Bens arqueolóxicos

Trátase, xunto á propia Torre de Hércules, do conxunto de sistemas defensivos e mais dos gravados rupestres. Existen restos de construcións vinculadas ao sistema defensivo da Torre na Época Moderna, como os muros perimetrais do antigo fortín pertencente á Batería de Pradarías (GA15030020), -situado hoxe embaixo da cemiterio mouro-, ou as trincheiras do bordo costeiro. Outras construcións van ligadas ao sistema defensivo contemporáneo do século XX, vencelladas aos acontecementos bélicos en Europa a mediados do século XX e máis á guerra civil -como o Cemiterio Mouro-.

Por outra banda, o ENIL conta coa catalogación doutros xacementos arqueolóxicos relativos aos gravados rupestres, como o petróglifo de punta Herminia – Monte dos Bicos (GA15030008), o petróglifo de Pena da Brúxula (GA15030019) ou o petróglifo con tridente da Torre de Hércules.

5.1.5.2 Elementos escultóricos

Dentro do ENIL atópase o parque escultórico. Na zona de punta Herminia está a Caracola e máis a Copa do Sol. No resto do espazo natural distribúense de forma espallada ata dezaseis elementos escultóricos máis, na contorna da Torre e no campo da Rata. Entre eles o Menhir Pentacefálico, Hidra de Lema ou o miradoiro da Rosa dos Ventos. Na zona do campo da Rata sitúanse outros monumentos escultóricos como os Menhires e o Monumento aos fusilados.

Dada a relevancia arqueolóxica e cultural presente no espazo do ENIL, as actuacións encamiñadas á preservación, conservación e percepción dos xacementos delimitados e do seu contorno figuran nun Plan especial do PXOM, no que se marcan as directrices de xestión.

De conformidade coas indicacións da Dirección Xeral de Patrimonio Cultural da Consellería de Cultura, Educación e Universidade, sinálase:

1. Que será necesario manter libres de vexetación, excepto herba, os enclaves de interese arqueolóxico, histórico e etnográfico en sintonía coas prescricións técnicas do informe sectorial. Así mesmo, integraranse as actuacións e directrices de xestión definidas para eles no Plan especial do PXOM 2013.
2. Que no ámbito do espazo natural protexido existen elementos singularizados como patrimonio cultural:
 - a. A Torre de Hércules está na Zona segunda e na Zona de respecto desta Zona segunda do Conxunto Histórico Artístico da Coruña (DOG núm. 57, do 22.3.1984).
 - b. A Torre de Hércules foi declarada Monumento Histórico-Artístico no ano 1931 (Decreto do 3.6.1931) e dende o 27.6.2009 está declarada Patrimonio Mundial da Humanidade pola UNESCO e inscrita na Lista do Patrimonio Mundial.
 - c. O ámbito do espazo protexido está na Zona Core de protección do Ben do Patrimonio Mundial-Torre de Hércules (ficha CH do Catálogo do PXOM 2013) xunto con outros elementos das fichas 004, 007 e 008.

5.2 IDENTIFICACIÓN DOS FACTORES DE RISCO QUE POIDAN AFECTAR OS SEUS VALORES NATURAIS

5.2.1 Presión antrópica

As Directrices de Ordenación Territorial, en relación co patrimonio natural, cultural e paisaxístico e as actividades de ocio, destacan que *“o medio natural de Galicia conta con elementos valiosos e atractivos que, polas súas propias características, son tamén fráxiles”*. As actividades recreativas *“sen a ordenación idónea poden aumentar a presión sobre os recursos naturais, poñendo en perigo a conservación dos espazos afectados e limitando as posibilidades de incorporar estes valiosos activos naturais a unha estratexia de sustentabilidade baseada na recualificación e diversificación do territorio”*.

A proximidade do ENIL á cidade da Coruña fai que sexa un lugar onde a presión antrópica é un factor de risco relevante que afecta aos seus valores naturais. Por unha banda, debido á presenza da Torre de Hércules, un dos puntos de atracción turística máis importantes de Galicia. Os máis de 100.000 visitantes anuais concéntranse maioritariamente no verán, arredor do 60%. Adoitan acceder á Torre a pé pola rampla de acceso, o que amortece notablemente o impacto na contorna natural. Ademais é un espazo moi frecuentado pola veciñanza como lugar de lecer, pasear e facer deporte. A falta de ordenación do espazo derivou no aumento de sendas secundarias, provocando unha antropización excesiva que cómpre regular neste plan de conservación. (ver anexo I. Plano nº 5. Sendas secundarias no ENIL). Por outra banda, na contorna Torre de Hércules existen instalacións destinadas ás actividades deportivas: campo municipal de golf, a Cidade Deportiva Arsenio Iglesias (con varios campos de fútbol, rugby...).

Os principais riscos vencéllanse á erosión antrópica, ao excesivo uso de vehículos particulares e tamén aos focos de iluminación nas instalacións deportivas. Ademais, dentro do ENIL e no paseo marítimo adxacente celébranse varias carreiras populares.

5.2.2 Plantas exóticas invasoras

As especies exóticas invasoras constitúen unha das principais causas de perda de biodiversidade no mundo, feito que se agrava en hábitats e ecosistemas especialmente vulnerables. A presenza e proliferación destas especies invasoras tamén pode causar graves prexuízos á economía, especialmente á produción agrícola, gandeira, forestal e á saúde pública.

No ENIL da Torre detectouse un notable impacto da flora exótica invasora. Non obstante, a fauna exótica invasora non supón un risco polo de agora.

A efectos deste plan de conservación, enténdese como planta exótica invasora (PEIs) toda especie de flora vascular, que provén dunha área xeográfica diferente e se introduce de forma

intencionada ou accidental nunha área na que se naturaliza, é capaz de reproducirse e propagarse aumentando a súa extensión e afectando dalgunha forma ao ecosistema ao que invade. Non só se consideran PEIs aquelas que figuran no Catálogo español de especies exóticas invasoras (Real Decreto 630/2013 e actualizacións), senón tamén as que se citan na publicación “*Plantas invasoras de Galicia*” (Fagúndez et al., Xunta de Galicia, 2007) e as de nova aparición que cumpran dita definición.

O Concello da Coruña realizou, entre outubro e decembro de 2019, un inventario *in situ* para identificar a flora exótica invasora presente no ENIL, o seu hábitat, bioloxía, floración, grao de dispersión e determinación do método do control máis axeitado en cada caso.

As plantas exóticas invasoras identificadas no ENIL da Torre de Hércules son a que se relacionan na táboa.

Os asteriscos que figuran ao lado do nome da especie indican a prioridade que terán no desenvolvemento do plan de loita contra a flora exótica invasora no ENIL da Torre de Hércules, nunha escala de 1 (baixa) a 3 (alta), e que se describen no apartado de medidas de xestión.

	Familia	Especie
1	Amaranthaceae	<i>Amaranthus retroflexus</i> (**)
2	Compositae	<i>Arctotheca calendula</i> (***)
3	Asteraceae	<i>Aster squamatus</i> (*)
4	Compositae	<i>Bindes aurea</i> (*)
5	Malvaceae	<i>Bromus catharticus</i> (*)
6	Aizoaceae	<i>Carpobrotus edulis</i> (***)
7	Asteraceae	<i>Chamomilla suaveolens</i> (*)
8	Compositae	<i>Conyza sumatrensis</i> (**)
9	Compositae	<i>Conyza bonaerensis</i> (**)
10	Compositae	<i>Conyza canadensis</i> (**)
11	Brassicaceae	<i>Coronopus didymus</i> (*)
12	Poaceae	<i>Cortaderia selloana</i> (***)
13	Compositae	<i>Cotula australis</i> (**)
13	Iridaceae	<i>Crocsmia x crocosmiiflora</i> (**)
14	Cyperaceae	<i>Cyperus alternifolius</i> (**)
15	Compositae	<i>Helichrysum petiolare</i> (***)
16	Oxalidaceae	<i>Oxalis pes-caprae</i> (**)
17	Poaceae	<i>Paspalum dilatatum</i> (*)
18	Poaceae	<i>Paspalum vaginatum</i> (*)
19	Compositae	<i>Senecio mikanioides</i> (**)
20	Poaceae	<i>Stenotaphrum secundatum</i> (**)
21	Tropaeolaceae	<i>Tropaeolum majus</i> (*)
25	Araceae	<i>Zantedeschia aethiopica</i> (*)

Ver cartografía: anexo I. Plano nº 4. Distribución das principais plantas exóticas invasoras.

5.2.3 Calidade ambiental: aire, ruído e contaminación lumínica

O impacto das emisións de gases na cidade séguese pola rede de vixilancia ambiental da calidade do aire. O ENIL non se inclúe como área prioritaria de control pola ausencia de focos emisores relevantes. Non obstante, convén incluír este factor -calidade do aire- como de risco potencial. Débese á presenza dunha vía que transcorre polo perímetro exterior, dende a rotonda da Torre ata Durmideiras. Con carácter xeral non está permitida a circulación de vehículos a motor, se ben hai momentos nos que si que se pode na parte deste que chega ata punta Herminia: sábados, domingos e festivos, dende as 8:00 ás 20:00 horas.

O motivo principal adoita ser a celebración de actividades na Cidade Deportiva Arsenio Iglesias e no campo de golf da Torre. Na actualidade prodúcense picos de ocupación que superan as prazas existentes, invadindo espazos non autorizados. Isto acontece, sobre todo, nas fins de semana e nos meses de xullo e agosto. Malia as limitacións descritas, os incumprimentos son frecuentes, aspecto que se abordará nas medidas de xestión deste plan.

A presenza de vehículos con motores de explosión (gasolina, diésel) constitúe un factor de risco moi importante pola gran afectación negativa múltiple aos valores naturais do ENIL. Non só prexudica á calidade do aire, tamén implica xeración de ruído, contaminación lumínica, probable atropelo da fauna e aumenta a presión antrópica.

Respecto ao ruído, víxíase mediante unha rede de puntos de control que serven de base para facer o Mapa do Ruído. No ámbito do ENIL os focos de emisión máis frecuentes e de impacto negativo están vencellados á presenza antes descrita de vehículos con motor de explosión. Ademais, cómpre salientar que, de xeito infrecuente pero cun gran impacto pola súa intensidade, pasan preto do ENIL helicópteros, chegando nalgunha ocasión a aterrar en lugares como a Rosa dos Ventos. Fai anos tamén se teñen celebrado exhibicións de aeronaves militares, provocando forte ruído incompatible coa protección dos valores naturais.

Outro factor de risco salientable é a contaminación lumínica. A fonte principal de emisións de luz que afectan ao ENIL, tanto en intensidade como en frecuencia, procede da Cidade Deportiva Arsenio Iglesias. Tamén hai un exceso de iluminación no paseo vai dende a rotonda da Torre de Hércules ata Durmideiras, ao longo do límite interior do ENIL, así como na propia rampla de acceso á Torre. Dentro do ENIL quedaban algún puntos illados de luz asociados a determinados tipos de bancos que xa teñen programada a súa retirada. Incluso o Plan Director da Torre de Hércules destaca a excesiva contaminación lumínica asociada aos campos deportivos, ao igual que sinalou a Agrupación Astronómica Coruñesa Ío. Estamos ante un risco que xera un impacto moi relevante, polo que inclúense medidas concretas para amortecelo nun apartado específico de medidas de xestión.

5.2.4 Lixo e verteduras

A presenza de lixo ven ligada aos refugallos xerados polos visitantes, ás papeleiras e máis aos cascallos de obra. Hai un exceso de papeleiras preto dos cantís, xerando máis problemas que beneficios. Tamén algunhas aves van ás papeleiras na procura de alimento, contribuíndo a ciscar o lixo polo ENIL. O cambio de formato das papeleiras non resolve o problema nas zonas ventosas, ademais de crear un impacto negativo na paisaxe, valor natural a protexer. No apartado de medidas de xestión afrontarase este risco de xeito semellante a como se ven facendo noutros espazos naturais.

Por outra banda, nunha gran parte do campo da Rata atópanse, baixo a capa edáfica superficial, cascallos vencellados aos restos da construción do barrio de Durmideiras, que son visibles cara o cantil.

No que respecta ás verteduras, aínda que son escasas e teñen carácter episódico e puntual, representan un factor de risco que cómpre resolver. Adoitan afectar á cala de Durmideiras e á praia das Lapas. Na primeira localízase un punto de vertedura da rede de pluviais e nas Lapas un importante aliviadoiro da devandita rede. Na praia das Lapas, cando se producen fortes choivas, pódense producir verteduras puntuais polo aliviadoiro, con carga contaminante configurada polo arrastre de sucidade da vía pública e a depositada na propia rede de pluviais. Non obstante, a ameaza principal ten lugar cando alguén verte á rede de pluviais substancias prohibidas, como aceites, pinturas, deterxentes, etc... que non teñen a consideración legal de augas brancas e que, polo tanto, deberían ir á rede de saneamento cara a EDAR de Bens, ou ser tratadas nos termos previstos na lei en función da súa natureza. Aínda que este risco é moi improbable, non é desprezable.

5.2.5 Cans soltos

É moi frecuente atopar acotío cans polo espazo natural, a miúdo suxeitos con correa. Non obstante, tamén é común velos correr ceibos polas praderías, podendo causar molestias e danos á fauna local. Trátase dun factor de risco importante que se afrontará neste plan de conservación.

O Concello da Coruña conta cunha Ordenanza municipal para a protección e posesión de animais (BOP núm. 143, do 24/06/1997) que establece, entre outros ámbitos, as condicións da presenza dos animais nas vías públicas e as competencias do Concello para regular os espazos de ocio nos cales poderán estar soltos, sempre acompañados polo seu propietario, e o seu acceso aos areais. Cómpre destacar o artigo 7.3. *“Prohíbese a circulación ou permanencia de*

cans e outros animais nas praias no período estival, entendéndose este comprendido entre o 1 de xuño a 30 de setembro”, e o artigo 11.1. “Con carácter xeral, nas vías públicas os animais deberán circular suxeitos con correa ou cadea con collar. O uso do bozo será ordenado pola Autoridade municipal cando as circunstancias así o aconsellen e mentres duren estas. Así mesmo, haberase de usar o bozo no caso de animais cuxa perigosidade e agresividade sexan manifestas, dada a súa natureza e características”.

O artigo 11.2. dispón que “A Autoridade municipal fixará os horarios e espazos de ocio para animais, nos cales poderán circular libremente e soltos acompañados do seu propietario ou posuidor”.

Con independencia do que dispoña a lexislación vixente aplicable en cada momento, ao tratarse dun espazo natural as normas de uso deberán ser coherentes cos valores a protexer ante este risco, sen prexuízo de propoñer alternativas para a creación de áreas caninas na contorna exterior, de xeito participativo coas persoas e colectivos que frecuentan o ENIL para pasear coas súas mascotas.

5.2.6 Colonias felinas

Dentro do ENIL e nas súas proximidades hai varias colonias de gatos *ferais* ou silvestres, entendendo por “colonia felina” un grupo de gatos con vencellos entre si e, especialmente, co territorio no que habitan e no que teñen os seus recursos de subsistencia. Están en varias zonas espalladas preto do campo da Rata (Durmideiras, Acaroadó), punta Herminia e na contorna da Torre. Preto dos seus refuxios é frecuente atopar comedeiros e bebedeiros.

Os gatos constitúen un risco para a fauna do ENIL ao tratarse de predadores. Estímase que o 70% das súas presas son pequenos mamíferos, o 20% aves e o 10% restante outros grupos zoolóxicos, segundo a Sociedade de Mamíferos do Reino Unido (1997). Tamén determinaron que por termo medio un gato capturaba unha presa cada dúas semanas. Así mesmo, a distribución de colonias felinas nas contornas urbanas está moi vencellada á presenza humana, de forma que a meirande parte das colonias aséntanse dentro dos núcleos urbanos, reducíndose moito o seu número na periferia das cidades.

5.2.7 Incendios

O ENIL está moi exposto aos efectos do mar que o rodea, mantendo sempre unhas condicións de humidade e salitre elevadas. Isto fai que o risco de que haxa incendios sexa moi baixo, aínda que non descartable. Neste caso, a presenza de visitantes ten o impacto positivo de contribuír a unha detección temperá no suposto de xurdir conatos de lume.

A zona é obxecto de vixilancia continua por diferentes forzas de seguridade como a policía autonómica, policía nacional, policía local e incluso polos servizos de vixilancia da Confraría de Pescadores da Coruña. O Concello da Coruña dispón do Servizo de Extinción de Incendios e Salvamento (Bombeiros), constituído por ao redor dun centenar de persoas, garantindo unha intervención inmediata.

Cómpre sinalar que o mantemento ecolóxico do espazo diminúe aínda máis o risco potencial de incendio. Isto débese, por unha parte, á redución das segas nas pradarias, ao non quedar restos de herba que unha vez seca podería arder. Por outra parte, a única sega anual inclúe a retirada dos restos de biomasa e faise en setembro, na tempada inmediatamente anterior á época de choivas segundo as series estatísticas na zona. A maiores, nas normas de uso deste plan establécese que non está permitido facer fogueiras nin prender lume no ENIL en ningún caso.

Coa declaración do espazo natural protexido, o “Plan municipal de prevención e defensa contra os incendios forestais do Concello da Coruña”, nas disposicións que sexan incompatibles cos valores naturais que motivaron a declaración deste espazo, queda supeditado ao establecido no plan de conservación, conforme o artigo 39 da Lei 9/2001, do 21 de agosto, de conservación da natureza. Por isto, o citado “Plan municipal de prevención e defensa contra os incendios forestais do Concello da Coruña” deberá ser revisado:

Lei 9/2001. Artigo 39. Efectos. Os plans de conservación serán vinculantes, tanto para as administracións públicas coma para os particulares, prevalecerán sobre o planeamento urbanístico e a súa aprobación levará aparellada a revisión dos plans territoriais ou sectoriais incompatibles con eles.

Así mesmo, mentres non se aproba este plan de conservación, tampouco se pode aplicar o disposto no “Plan municipal de prevención e defensa contra os incendios forestais do Concello da Coruña” en ningún tipo de actuación no ENIL da Torre de Hércules, por ser de aplicación o réxime de protección preventiva ou cautelar (ver apartado 2.2).

5.2.8 Mobiliario, sinais e outros elementos

No ano 2022 fíxose un traballo de campo polo miúdo co fin de obter información actualizada sobre o número, estado e tipoloxía do mobiliario e sinais presentes no espazo natural. Verificouse que hai un exceso de elementos, moitos deles prescindibles, outros causando máis prexuízos que beneficios, sen integración paisaxística e, con frecuencia, en mal estado. Polo dito, representan un importante factor de risco debido ao impacto negativo que xeran na contorna, principalmente, porque o ENIL debe manter unha relación harmónica entre os valores naturais, culturais e paisaxísticos.

A presenza moi excesiva de mobiliario urbano espallado ao chou, e sen criterios estéticos integradores, compromete este obxectivo. En concreto, inventariáronse 139 bancos diversos, 14 varandas, 3 casetas, 6 escaleiras, 8 fontes, 10 focos, 53 papeleiras (moitas na beira preto do mar), 48 sinais diversas, e outros elementos varios ata chegar ao total de 301. Resulta evidente que urxe acometer -e executar- un plan que serva para reducir, integrar e acondicionar os elementos que producen este risco ambiental, aspecto que se afrontará de xeito prioritario e inmediato nas medidas de xestión.

6 DIRECTRICES PARA A XESTIÓN DO ESPAZO NATURAL

6.1 DIRECTRICES SOBRE OS VALORES NATURAIS

1. As medidas de xestión dos valores naturais están orientadas cara protexer a fauna, flora e os hábitats presentes no ENIL, así como a garantir os procesos naturais e promover a conectividade ecolóxica.
2. Alén das medidas de conservación da biodiversidade actual, adoptaranse medidas de renaturalización progresiva dos espazos deturpados, tentando ademais a recuperación das especies autóctonas presentes noutro.
3. Teñen a consideración de especies nativas as que habitan ou habitaron no espazo como resultado de fenómenos naturais sen intervención humana. Pola contra, son especies non nativas ou exóticas calquera que proveña dunha área xeográfica diferente e fose introducida -de forma intencionada ou accidental- naturalizándose e sendo quen de reproducirse e propagarse, afectando negativamente á biodiversidade autóctona.
4. Estableceranse mecanismos de control poboacional das especies que conviven neste espazo, priorizando as nativas silvestres, co fin de procurar manter un equilibrio ecolóxico conforme aos seus ciclos naturais.
5. Desenvolveranse plans específicos para loitar contra as especies exóticas invasoras, establecendo prioridades en función do seu risco e perigosidade.
6. Levaranse a cabo plans de restauración ambiental zonais, comezando por aqueles espazos que, polas súas características naturais, precisen dunha atención prioritaria.
7. Adoptaranse as medidas necesarias para a erradicación do lixo e de cascallos de obra, e a eliminación dos puntos de verteduras que se detecten.
8. Ademais do valor ecolóxico, a paisaxe constitúe o outro gran valor deste espazo, polo que se deberá preservar, conservar e renaturalizar, retirando e modificando as estruturas que afecten, procurando sempre a máxima integración ambiental daqueles elementos que deban permanecer de xeito motivado.
9. Incorporaranse medidas orientadas á restauración progresiva dos ciclos día/noite naturais da fauna e flora, para a estabilización dos ritmos circadianos das diferentes especies. Isto implicará a redución progresiva da contaminación lumínica no ENIL e na súa contorna.
10. Deberase preservar a calma e os sons naturais asociados aos recursos físicos e biolóxicos (sons do vento, das aves, dos anfibios, etc.) suprimindo as fontes de rúidos artificiais, incluídos aqueles que se xeren fóra do ENIL pero que impacten nel.

11. A xestión e dirección do ENIL asegurará a participación das mulleres na xestión de base, técnica, de coordinación ou directiva procurando o equilibrio representativo destas e a integración da perspectiva de xénero en materia de igualdade.

6.2 DIRECTRICES SOBRE O USO PÚBLICO

1. Compatibilizarase o uso público do espazo natural coa conservación e mantemento dos valores naturais que motivaron a súa declaración. As sendas e as “zonas de uso moderado” (ver anexo I. Plano núm. 3. Zonas de protección) seguirán tendo os usos habituais respectuosos coa protección do espazo (paseos, sendeirismo, correr, bicicleta, lecer, praia).
2. Desenvolverase un plan de usos e accesos promovendo o uso público das sendas principais e a supresión progresiva das sendas secundarias co fin de evitar o pisoteo excesivo nin a creación de camiños ao chou polas pradarias.
3. Na xestión do ENIL terase presente a existencia dun importante patrimonio, con elementos de especial relevancia arqueolóxica como petróglifos, declarados bens de interese cultural así como a propia Torre de Hércules, declarada ben de interese cultural e Patrimonio da Humanidade.
4. Manterase unha coordinación permanente coas actuacións encamiñadas á preservación, conservación e percepción dos xacementos delimitados e do seu contorno, que figuran nun plan especial do PXOM no que se marcan as directrices de xestión cultural.
5. Calquera actuación nas marxes, ribeiras e leito dos regatos e humedais, así coma calquera tipo de vertedura, requirirá a autorización da Administración hidráulica competente.

6.3 DIRECTRICES SOBRE O MOBILIARIO, SINAIS E OUTROS ELEMENTOS

1. O Concello da Coruña dotará das infraestruturas, instalacións e equipamentos necesarios para a protección dos valores do ENIL e facilitar o uso público compatible. Todos eles serán harmoniosos coa contorna e respectuosos cos valores naturais a protexer, debendo integrarse o mellor posible no espazo natural.
2. Hai un exceso de sendas xurdidas por mor da elevada presión antrópica e a ausencia de mecanismos de ordenación do espazo. Acometerase unha redución progresiva das sendas secundarias (ver anexo I, plano 5º), así como o fomento da accesibilidade das persoas con mobilidade reducida alí onde sexa factible.
3. O acondicionamento das sendas principais procurará unha mellor integración na paisaxe, tanto no seu deseño (trazado, ancho, beiras, firme...) como no uso de materiais que as doten dun aspecto natural.

4. Elimínanse e/ou recolócanse, de xeito progresivo, as estruturas artificiais, instalacións ou construcións que se atopen abandonadas ou que dificulten a renaturalización da zona que ocupan. Cando non sexa posible a súa eliminación ou traslado estudaranse medidas alternativas para a súa integración ambiental.
5. O Concello da Coruña comprométese a non autorizar nin promover ningún tipo de evento ou acción nas estradas e espazos adxacentes que, estando fóra do ENIL, poidan xerar un impacto negativo nel, tales como non permitir con carácter xeral a circulación de vehículos na estrada que percorre os límites do ENIL, e calquera outra actividade que poida xerar contaminación do aire, ruído, contaminación lumínica e outros riscos que molesten á fauna ou danen á flora e aos hábitats dentro do espazo natural.
6. Dentro do ENIL, en coherencia co dito, adoptaranse as medidas necesarias para avanzar cara unha redución do impacto negativo destes factores, sendo prioritario amortecer a intensidade dos focos na rampla de acceso e da iluminación monumental da Torre, así como non permitir, ou limitar, o uso do faro para celebracións de efemérides baseadas nas proxeccións de luz. Estes eventos poden ter lugar noutros lugares emblemáticos da cidade máis urbanos, con máis público nocturno e, deste xeito, non causar alteracións aos valores naturais.
7. Fóra do ENIL tamén deberá acometerse a redución progresiva do impacto lumínico, así como os riscos derivados da presenza dun exceso de vehículos privados, sobre todo - pola súa intensidade e frecuencia- na contorna da Cidade Deportiva Arsenio Iglesias.
8. Conforme á lexislación vixente, calquera actuación no ENIL e na súa zona de influencia dará prioridade á protección dos seus valores naturais e á súa integración na paisaxe.

6.4 DIRECTRICES SOBRE AS ACTIVIDADES CIENTÍFICAS

1. Dentro do ENIL poderán desenvolverse actividades científicas. Terán carácter prioritario aqueles estudos que contribúan a mellorar o coñecemento dos seus valores naturais.
2. Promoverase e facilitarase a realización de traballos de investigación científica en relación coa fauna, flora e hábitats, así como estudos de carácter cultural e doutras disciplinas.
3. O Concello da Coruña poderá concertar convenios de investigación e acordos de custodia do territorio coa Universidade da Coruña e outras institucións científicas, culturais, centros educativos, asociacións e organizacións sen ánimo de lucro.
4. Os proxectos de investigación que se desenvolvan procurarán achegar datos e información científica que sirva de axuda para a adopción das medidas de xestión do ENIL máis apropiadas en cada caso.

6.5 DIRECTRICES SOBRE AS ACTIVIDADES CULTURAIS E EDUCATIVAS

1. Fomentaranse as actividades de educación ambiental que enriquezan a experiencia da visita ao ENIL, desenvolvendo actividades específicas cos centros educativos, culturais, colectivos e cidadanía en xeral, para concienciar e sensibilizar.
2. Coa finalidade de promover a participación e o debate construtivo, organizaranse conferencias, charlas, visitas, exposicións, etc.
3. Tamén se farán campañas de divulgación ambiental por diversos medios, tales como sinais interpretativas con códigos QR para ampliar a información, e outros semellantes.
4. Terá prioridade a difusión dixital ou electrónica da información medioambiental. Non obstante, poderá editarse material impreso (folletos, libros...) cando teña sentido como vía de divulgación complementaria. Neste caso, usarase preferiblemente papel 100% reciclado, ou papel non reciclado cun contido mínimo de fibras de xestión forestal sostible e/ou recicladas do 20%, impresos a dobre cara e en branco e negro. A cor só se utilizará en casos necesarios, como mapas e fotografías.
5. O contido dos textos das sinais, folletos e outros materiais tratarán sobre os valores do ENIL, as súas posibilidades de uso e lecer compatibles, as medidas de xestión, as normas de protección, os programas de acción e cantos aspectos se considere oportuno para unha mellor e máis completa consecución dos obxectivos. Así mesmo, deberán estar adaptados ás esixencias normativas e ás recomendacións da linguaxe inclusiva e non sexista.
6. A sinalización interpretativa no ENIL, sempre que sexa razoablemente posible, deberá cumprir a normativa vixente sobre os criterios de accesibilidade universal: condicións visuais, acústicas, táctil, de manexo, de comprensión e instalación física, que permitan a percepción e o entendemento da contorna de xeito elocuente e intuitivo a todas as persoas, con ou sen discapacidade física, cognitiva ou sensorial. Atenderanse os aspectos de accesibilidade de tipo cognitivo (lectura sinxela e comprensible); de tipo visual (tipografía, percepción, símbolos, frechas, pictogramas...); de tipo háptico (altorrelevo, Braille e outros aspectos tiflotécnicos); de tipo auditivo (códigos QR, espazo para Navilens ou similar...); e os relativos á accesibilidade física á sinal interpretativa. Para facilitar o seu cumprimento terá como referencia o disposto no “*Manual de sinalización interpretativa para os espazos verdes da Coruña*” (SIEVAC).

7 USOS TRADICIONAIS E GRAVAMES

7.1 RÉXIME XERAL DE USOS

Os recursos naturais dentro do espazo natural serán xestionados considerando os principios inspiradores establecidos neste plan, coa intervención necesaria para manter non só a estrutura dos ecosistemas senón tamén as súas funcións, os procesos naturais e a conectividade. A conservación activa orientarase a asegurar a evolución natural do medio e das especies asociadas. O réxime xeral de usos terá en conta os criterios de proporcionalidade acordes cos obxectivos que se perseguen neste plan de conservación.

O informe preceptivo da Dirección Xeral de Ordenación do Territorio e Urbanismo confirma que o PXOM aprobado o 25.2.2013 é a normativa urbanística de aplicación. Presenta as clasificacións de solo rústico, con diferentes categorías de especial protección, e de solo urbano consolidado. Ao solo rústico seralle de aplicación o réxime de solo rústico contido na mesma lei mantendo, en todo caso, a vixencia das categorías de solo contidas no Plan; ao solo urbano consolidado aplicaráselle integramente o disposto no Plan (disposición transitoria 1ª.1 da Lei 2/2016, do 10 de febreiro). No relativo aos usos e aproveitamentos dos recursos naturais, prevense actividades que xa se veñen desenvolvendo a día de hoxe.

Así, e de conformidade coa disposición adicional segunda do Decreto 124/2005, do 6 de maio, con carácter xeral, permítense todos os usos e actuacións que tradicionalmente se viñesen efectuando no ENIL e que deron lugar ao estado actual que motivou a súa declaración como espazo natural.

7.2 USOS TRADICIONAIS. APROVEITAMENTO DOS RECURSOS NATURAIS

Hoxe en día, o único aproveitamento dos recursos naturais que se da no ámbito do ENIL é o marisqueo no Dominio Público Marítimo Terrestre. A Dirección Xeral de Pesca, Acuicultura e Innovación Tecnolóxica informou que no ámbito do espazo non consta autorizado ningún establecemento de acuicultura e considera procedente a declaración do ENIL. Sobre os aproveitamentos dos recursos marisqueiros, pesqueiros e de acuicultura, seguindo as indicacións da devandita Dirección Xeral, dispónse:

1. Os establecementos de acuicultura destinados á produción de mexillón requiren de semente para o inicio dos cultivos nos viveiros. A Orde do 26 de outubro de 2000 pola que se regula a extracción de semente de mexillón en bancos naturais, establece que a recollida de mexilla nestas zonas da provincia da Coruña poderá ser realizada polas propias persoas concesionarias ou ben por acordo subscrito coas confrarías de pesca ou agrupacións de marisqueo entre o 1 de decembro e o 30 de abril. As persoas ou

entidade concesionarias de bateas e liñas de cultivo autorizadas para o cultivo de mexillón que desexen recoller mexilla en bancos naturais para abastecer aos seus viveiros, deberán solicitar autorización á Xefatura Territorial da Consellería do Mar correspondente en función do domicilio social da empresa.

2. Segundo o estudo titulado «Cartografado e dinámica de poboacións dos bancos naturais de semente de mexillón nas costas atlánticas galegas (Brea Bermejo, E, 2009. Memoria para optar ao título de Doutor da Universidade de Santiago de Compostela)» no ámbito da Confraría de Pesca da Coruña, a potencia media das poboacións de mexilla é de $13,2 \text{ m} \pm 9,84$, cun recubrimento medio de $24,3 \% \pm 15,45$, e unha abundancia subxectiva media de 5,3. A biomasa para a zona oscila entre 836 Tm e 1.574 Tm. Un dos bancos naturais máis importantes desta confraría está situado nas proximidades de punta Herminia. O recubrimento de mexilla na zona oscila entre o 10 e o 20 %.

Polo dito, permítense os usos e aproveitamentos preexistentes, como as actividades de marisqueo tradicional e recollida selectiva de algas, sen prexuízo do disposto polas administracións competentes no relativo á explotación de recursos mariños vivos.

1. Consideraranse permitidos os usos relacionados co marisqueo tradicional e a recollida de algas, así como a construción de instalacións de apoio á acuicultura e o marisqueo tradicional.
2. Por contra, son incompatibles os usos relacionados coas construcións e instalacións de acuicultura en terra.

Estes aproveitamentos e os procedementos para desenvolvesos realizaranse de maneira que resulten compatibles coa conservación dos valores que motivaron a declaración do ENIL.

7.3 GRAVAMES

En relación aos accesos e gravames sobre o espazo natural, os accesos consisten no viario existente no seu perímetro, realizado polo Ministerio de Fomento, con carácter de paseo marítimo da Coruña. O ámbito está afectado pola regulación sectorial da lexislación de costas e de sinalizacións marítimas, de protección do litoral, lexislación de protección do patrimonio cultural, lexislación de protección do ambiente e da natureza, lexislación de protección da paisaxe e calquera outra a ter en conta en relación a posibles actuacións, como a lexislación de accesibilidade universal, protección contra o ruído, contaminación do aire ou da iluminación.

Pola súa parte, a Dirección Xeral de Sustentabilidade da Costa e do Mar do Ministerio para a Transición Ecolóxica sinalou que o ámbito do ENIL se encontra afectado polos expedientes de deslindamento DL-181-LC (aprobado por Orde ministerial do 28 de xaneiro de 2004) e DL-106-LC (aprobado por Orde ministerial do 11 de marzo de 2004) e inclúe terreos de dominio público marítimo-terrestre, estando parcialmente afectado polas servidumes de tránsito e de protección,

e totalmente afectado pola zona de influencia de 500 metros de largura. Consideran os usos expostos (sendeirismo, ciclismo, paseo, etc.) como compatibles coa normativa sectorial de costas.

De conformidade coas prescricións indicadas no informe sectorial da Dirección Xeral de Sostibilidade da Costa e do Mar, establécese:

1. Que as actuacións que vaia desenvolver sobre terreos de dominio público marítimo-terrestre deberán contar co correspondente título habilitante e estarán suxeitas ao disposto no título III da Lei 22/1988, do 28 de xullo, de costas.
2. Na zona de servidume de protección os usos axustaranse ao disposto nos artigos 24 e 25 da Lei 22/1988, do 28 de xullo, debendo ter en conta que «con carácter ordinario, só se permitirán nesta zona as obras, instalacións e actividades que, pola súa natureza, non podan ter outra localización, como os establecementos de cultivo mariño, as salinas marítimas ou aqueles que o presten servizos ou sexan necesarios ou convenientes para o uso do dominio público marítimo-terrestre, así como as instalacións deportivas descubertas».
3. En todo caso, os usos permitidos na zona de servidume de protección estarán suxeitos á autorización da Comunidade Autónoma, sen prexuízo dos informes preceptivos regulados na normativa sectorial de costas.
4. Deberase garantir o respecto ás servidumes de tránsito e de acceso ao mar establecidas nos artigos 27 e 28 da Lei 22/1988, do 28 de xullo e, en calquera caso, haberá que aterse ao disposto no título II da devandita lei.
5. En canto ás obras e instalacións existentes á entrada en vigor da Lei 22/1988, do 28 de xullo, no dominio público marítimo-terrestre e na súa servidume de protección, estas regularanse polo especificado na disposición transitoria 4ª da Lei 22/1988, do 28 de xullo, debendo ter en conta que tan só «poderanse realizar obras de reparación, mellora, consolidación e modernización sempre que non impliquen aumento do volume, altura nin superficie das construcións existentes, e sen que o incremento de valor que aquelas comporten poidan ser tidos en conta para efectos expropiatorios».

Os planos que se achegan con este plan de conservación incorporan a representación das liñas conforme o regulado no artigo 227.4.a) do Real Decreto 876/2014, do 10 de outubro, polo que se aproba o Regulamento xeral de costas, todo iso con independencia de considerar que, perante calquera desaxuste na representación das citadas liñas, prevalecerán os datos dos planos de deslindamento sobre os reflectidos no plan urbanístico.

8 ZONIFICACIÓN DO ENIL

Para compatibilizar a protección dos valores do espazo natural e o seu uso polo público, e co obxecto de minimizar os posibles impactos negativos, o territorio distribuirase en zonas.

A zonificación organizará o territorio en función dos valores naturais e da súa capacidade de acollida para os distintos usos, co fin de minimizar os impactos negativos e de asegurar un uso do espazo compatible coa conservación dos seus valores naturais.

O ámbito do ENIL dividirase en zona prioritaria de conservación, zona de protección e zona de uso moderado en función da incidencia dos usos e aproveitamentos dos recursos naturais sobre os valores que motivaron a declaración de espazo natural. O plano núm. 3 do anexo -zonas de protección- delimita o ámbito para cada nivel de protección.

8.1 ZONAS PRIORITARIAS DE CONSERVACIÓN

Considéranse “zonas prioritarias de conservación” aquelas áreas cuxos obxectivos son os de conservación do espazo natural, nas que unha afectación significativa sobre elas podería prexudicar á integridade do espazo natural ou ao estado de conservación dos compoñentes clave para a súa biodiversidade (hábitats e especies protexidas). Estas zonas requiren o maior grao posible de protección. Espérase deste modo que a biocenose acade o seu equilibrio natural e poida expandirse pola súa área orixinal. Soamente considéranse compatibles nesta zona os usos con fins científicos ou de xestión.

Nestas zonas prioritarias de conservación non se permite o acceso de vehículos nin artefactos mecánicos, a construción de infraestruturas e instalacións, incluídas novas pistas e camiños, exceptuando traballos de mellora ou reparación das infraestruturas existentes, as sinais, marcos, e instrumentación científica que sexan previamente autorizados. Permítese o paso para o desenvolvemento de usos e tarefas tradicionais (marisqueo, pesca), debendo dispor do correspondente título habilitante da administración competente.

8.2 ZONAS DE PROTECCIÓN

Trátase dos campóns que se atopan distribuídos polo ámbito do ENIL. Estes pasteiros están formados maioritariamente por unha fitocenose de porte herbáceo e notable biodiversidade. Serven de hábitat para gran parte da fauna, funcionando como espazos de transición ecolóxica entre os distintos hábitats. Estas zonas requiren dun nivel alto de protección que preserven o pasteiro como nicho e conector ecolóxico. Considérase compatible a sega puntual na zona de protección, limitándose a unha sega anual en setembro, para que a biocenose -fauna e flora- do pasteiro poida completar o seu ciclo vital.

8.3 ZONAS DE USO MODERADO

Están constituídas polas áreas dominadas por un ambiente natural, con capacidade para acoller un uso público máis intenso. Nestas zonas compatibilízase a conservación dos valores naturais co uso público nas vertentes culturais, educativas e de lecer. En canto a outras posibles actividades (deportivas, eventos, efemérides...), requirirán solicitude previa e a Concellería de Medio Ambiente poderá autorizalas, establecendo nese caso as condicións obrigatorias para o seu desenvolvemento, co fin de que non causen dano aos valores naturais do ENIL.

9 NORMAS DE USO

9.1 INFRACCIÓNS

As accións que causen molestias ou danos á fauna, flora e hábitats, ou que alteren o medio físico deste espazo natural, terán a consideración de infracción.

O réxime para sancionar as infraccións que se poidan cometer será o establecido no título III da Lei 9/2001, do 21 de agosto, de conservación da natureza e na Lei 42/2007, do 13 de decembro, do Patrimonio Natural e da Biodiversidade, sen prexuízo de todas aquelas normas vixentes que poidan resultar de aplicación a estas infraccións ou ilícitos de calquera clase.

9.2 PROTECCIÓN DA FAUNA E FLORA

Non se permite:

1. Desenvolver calquera actividade que destrúa, deteriore ou transforme os valores naturais, vivos ou inertes, deste espazo.
2. Molestar, danar, capturar ou matar a fauna e flora nin causar dano aos seus hábitats.
3. Introducir sementes, transplantes ou partes de plantas que poidan orixinar vexetativamente outros individuos de especies de plantas alóctonas, nin crías, larvas ou ovos de animais alóctonos, especialmente aquelas que figuran no Catálogo español de especies exóticas invasoras.
4. Alterar por erosión antrópica (pisoteo, bicicletas, etc.) as “zonas de protección” nin as “zonas prioritarias de conservación”. As “zonas de uso moderado” requiren autorización previa para determinados eventos colectivos (ver apartado 6.2, directrices de uso público).

5. Usar biocidas, ou calquera outra substancia química, sen autorización previa da Concellería de Medio Ambiente.

9.3 PROTECCIÓN DO SOLO E DA PAISAXE

Non se permite:

1. Depositar ou verter materiais vexetais e derivados do mantemento do ENIL dentro deste.
2. Realizar verteduras directas ou indirectas que contaminen as augas, nin acumular residuos sólidos, lixo, cascallos de obra, entullos ou substancias, calquera que sexa a súa natureza e o sitio onde se depositen.
3. Abandonar ou depositar fóra dos lugares especialmente indicados e preparados para ese efecto papeis, botes, botellas, plásticos, cabichas ou desperdicios de calquera outro tipo. Deixaranse preferiblemente nos contedores específicos dispoñibles nos accesos ao ENIL.
4. Alterar o relevo do terreo mediante escavacións, soterramentos ou outras accións. Exclúense as obras de acondicionamento e mellora de accesibilidade nas sendas.
5. Instalar antenas, pantallas e outros aparellos que afecten a harmonía da paisaxe.
6. As liñas de enerxía eléctrica que xa discorran polo interior do espazo natural deberán incorporar dispositivos que eviten a electrocución da fauna e danos ás persoas.
7. Para evitar a alteración da paisaxe e os riscos sobre a avifauna, os novos tendidos eléctricos e de telecomunicacións que se poidan instalar deberán ser subterráneos.
8. Toda obra nova de transporte de enerxía eléctrica deberá incorporar no seu proxecto unidades de obra que faciliten a súa adecuación paisaxística.

9.4 PROTECCIÓN DAS ZONAS HÚMIDAS

Non se permite:

1. Realizar verteduras de augas residuais, nin lixo, restos de biomasa das brozas, segas, ou de calquera outro orixe, que poidan causar un impacto negativo no ENIL e, en especial, prexudicar á calidade físico-química e biolóxica da súas zonas húmidas (charcas, regatos, intermareal, calas e praias).
2. O uso -en ningún caso- de deterxentes, xabóns, lixivias e outras substancias que poidan deturpar o estado ecolóxico das devanditas zonas húmidas.

As restricións descritas son de aplicación para todos aqueles focos potenciais de emisión, incluso estando fóra do ENIL, se o poden afectar de xeito directo ou indirecto. As referencias legais aplicables son a Lei 9/201 de augas de Galicia (DOG 222/2010) máis normativa que a desenvolve, e a Ordenanza Municipal de verteduras e do servizo de saneamento do Concello da Coruña (BOP 143/2013).

9.5 USO PÚBLICO, ACTIVIDADES CIENTÍFICAS, CULTURAIS, EDUCATIVAS E EVENTOS

Non se permite:

1. A circulación dentro do ENIL con vehículos de motor, incluídos vehículos eléctricos, excepto cadeiras de rodas de persoas con mobilidade reducida, e os que formen parte das actividades de vixilancia da policía municipal, autonómica, nacional, así como das empresas de servizos municipais e da vixilancia dos recursos mariños vivos. Cando sexa razoable, o persoal destes corpos e empresas realizará as súas funcións preferiblemente a pé ou en bicicleta. Determinaranse vías concretas para os accesos destes servizos, se ben deberán ser substituídos progresivamente por vehículos eléctricos. En situacións de emerxencia, para salvamento ou por motivos sanitarios, poderán facer uso libre dos sendeiros do ENIL os vehículos dos bombeiros, ambulancias e policiais.
2. A circulación de bicicletas, patinetes, cabalos, carruaxes e semellantes nas zonas de protección e nas zonas de prioridade de conservación.
3. Recoller, destruír ou alterar elementos de interese arqueolóxico, histórico, xeolóxico ou biolóxico.
4. Con carácter xeral, levar animais soltos dentro do ENIL. Deberán estar suxeitos con correa ou cadea con colar en todo momento. O uso do bozo será ordenado pola autoridade municipal cando as circunstancias así o aconsellen e mentres duren estas. Así mesmo, usarase bozo no caso de animais cuxa perigosidade e agresividade sexa manifesta, dada a súa natureza e características. Non se aplica a cans guía, nin aos cans que, indo soltos, se manteñan exclusivamente dentro das sendas ou nas zonas de uso moderado, sempre preto da persoa responsable do can.
5. Nas calas e praias do ENIL o Concello da Coruña poderá establecer épocas e horarios nos que os cans poderán ir ceibos, sempre acompañados do seu propietario ou posuidor. Neste caso, instalaranse sinais informativas expresas. De non habelas, non está permitido.
6. Proporcionar alimentación aos animais salvaxes e fauna doméstica sen dono, excepto autorización expresa que poida establecer a Concellería de Medio Ambiente preferentemente con asociacións e colectivos.
7. Facer fogueiras, prender lume nin actividades pirotécnicas de calquera tipo, tanto dentro do ENIL como nas súas proximidades, ao xerar molestias á fauna ou implicar risco de incendio.
8. Empregar megafonía, altosfalantes ou emitir ruído de calquera fonte (bucinas, instrumentos musicais, vociferar...) que cause molestias á fauna e altere a tranquilidade natural do espazo natural. Esta medida aplícase tamén no caso de que o foco emisor se atope fóra do ENIL se o seu impacto afecta dentro. Permítese o uso de megafonía nas

praias nas que haxa servizo de socorrismo e só para esta finalidade, durante a tempada de baño, en cumprimento das competencias municipais relativas a vixiar a observancia das normas e instrucións sobre salvamento e seguridade das vidas humanas.

9. O voo aeronaves (helicópteros, avionetas...), aterraxes, exercicios de simulacros con medios aéreos e semellantes, debido ás molestias que causan, tanto dentro do ENIL como nas súas proximidades, ben sexa pola emisión de ruído, contaminación do aire, lumínica ou calquera outro factor que poida perturbar á fauna. Non se aplica a intervencións de rescate reais, emerxencias. Así mesmo, poderá autorizarse con carácter excepcional en casos puntuais debidamente motivados que, previa solicitude e con resolución favorable, poidan ser de interese municipal sempre que non xeren molestias á fauna do ENIL.
10. Instalar fontes de emisións luminosas nin electromagnéticas que poidan ocasionar molestias nos valores naturais a protexer, sen prexuízo do uso ocasional e razoable do faro para a celebración de eventos con luz.
11. Aparcar vehículos, caravanas ou remolques, así como instalar casetas, tendas de campaña, cadeiras, mesas e calquera outro artefacto.
12. Instalar pancartas ou anuncios publicitarios sen a autorización da Concellería de Medio Ambiente.
13. Realizar, por calquera procedemento, inscricións, graffitis, debuxos, sinais, adhesivos, e actos vandálicos nas árbores, sinais interpretativas e, en xeral, en calquera elemento do ENIL, agás a sinalización por mor de obras autorizadas.
14. Desenvolver eventos de calquera índole nas zonas de protección e nas zonas de prioridade de conservación, excepto estudos científicos, culturais e educativos nos termos indicados no apartado 9.7 (actividades autorizables).
15. A actividade profesional de fotografía, cinema ou vídeo coa finalidade comercial sen a preceptiva autorización da Concellería de Medio Ambiente.

9.6 ACTIVIDADES PERMITIDAS

O Concello da Coruña ten como obxectivo compatibilizar a protección deste espazo co mantemento dos usos habituais que sexan respectuosos cos valores naturais que motivaron a declaración do ENIL. Preténdese que a cidadanía e as persoas visitantes gocen deste espazo sen comprometer o medio ambiente.

En consecuencia, permítense sen necesidade de autorización as actividades de paseo, descanso, sendeirismo, ciclismo e o acceso aos areais e á costa, para o que se empregará libremente a rede de sendeiros existentes no ENIL e as zonas de uso moderado (ver apartado 8, de zonificación do ENIL). En xeral, evitárase pisar a vexetación nin o uso das sendas

secundarias (ver anexo I, plano núm. 5), debendo cumprir o disposto neste plan de conservación, en particular no apartado 9, relativo ás normas de uso.

9.7 ACTIVIDADES AUTORIZABLES

Dentro do ENIL poderanse autorizar actividades e/ou eventos sociais, culturais e deportivos sempre que desenvolvan exclusivamente polas sendas principais ou nos espazos definidos no apartado 8 (Zonificación) deste plan de conservación, clasificadas como “zonas de uso moderado”.

As actividades científicas, culturais e educativas poderán ser autorizadas para desenvolver o seu proxecto en calquera zona do ENIL, se ben deberán motivar suficientemente as razóns no suposto de desexar acceder as “zonas de protección” e as “zonas prioritarias de conservación” definidas no apartado 8 (Zonificación).

As solicitudes presentaranse como mínimo cun mes de antelación, e deberán acompañarse de:

- Unha memoria que inclúa os seguintes contidos mínimos: identificación da persoa física ou xurídica solicitante, organización e contacto (endereço, teléfono e correo electrónico), finalidade, descrición da actividade, número de participantes, afluencia de público estimada e onde se situarían, planos da zona onde se desexe facer a actividade ou evento, seguro de responsabilidade civil se procede, días previstos e rango horario ou cronograma.
- Se procede, achegarase a resolución favorable de ocupación do dominio público marítimo-terrestre da Dirección Xeral de Sustentabilidade da Costa e o Mar, ou da autoridade competente nas zonas de servidume de protección. Non se poderá outorgar autorización municipal se non queda acreditado o outorgamento previo da autorización de usos ou ocupación do dominio público.

Este tipo de actividades de carácter non tradicional, deberán cumprir, ademais do disposto neste plan de conservación, as previsións sobre o réxime de usos establecido no artigo 54º do Plan de ordenación do litoral para as áreas de protección costeira.

Conforme o Informe de Dirección Xeral de Sostibilidade da Costa e do Mar do Ministerio para a Transición Ecolóxica e o Reto Demográfico, debe garantirse o respecto ás servidumes de tránsito e de acceso ao mar conforme a Lei 22/1988, do 28 de xullo, de Costas.

Despois de emitirse o informe técnico, a Concellería de Medio Ambiente resolverá de forma motivada. No caso de ser favorable, a resolución incluírá unha relación de pautas obrigatorias e medidas de protección acordes coa actividade prevista. No caso de ser desfavorable, a resolución motivará as razóns pola que se rexeitou a solicitude. No caso de que o solicitante non obtivese resposta expresa, considerarase que se desestimou a súa solicitude.

Os organizadores das actividades ou eventos autorizados son responsables de informar ás persoas participantes e ao público dos usos non permitidos no ENIL en función das características concretas do evento.

O Concello da Coruña poderá suspender calquera actividade autorizada se esta non se está desenvolvendo conforme a documentación presentada na solicitude e conforme as pautas obrigatorias que figuren na autorización. Así mesmo, poderá reclamarlles aos organizadores, se fose pertinente, unha compensación económica de existir danos aos valores naturais ou patrimoniais do ENIL, sen prexuízo da aplicación do réxime sancionador vixente.

Poderase requirir unha garantía financeira, seguro e/ou aval para a concesión da autorización administrativa das actividades autorizables.

No caso de actividades que formen parte dunha única programación con varias datas, poderase presentar ante a Concellería de Medio Ambiente unha única memoria que describa polo miúdo cada unha delas de forma individual e con planos. A resolución, debidamente motivada, poderá afectar en diferente sentido a toda ou parte da programación.

10 OBXECTIVOS DE CONSERVACIÓN

A relación entre os obxectivos xerais e específicos son os seguintes:

Obxectivos xerais	Obxectivos específicos
Conservación dos hábitats	Restauración e ampliación do bosque de ribeira no Rego da Lagoa
	Restauración e protección das comunidades de toxo e breixo
	Restauración e protección das charcas para anfibios
	Restauración e protección dos cantís con vexetación
Conservación da fauna e flora	Programas de fomento para a captación de biodiversidade autóctona
	Loita contra as plantas exóticas invasoras
	Loita contra a fauna exótica invasora
	Realización de estudos de fauna, flora e hábitats
	Mantemento das zonas de protección e de uso moderado
Xestión da presenza de cans soltos e das colonias felinas	Alternativas á presenza de cans soltos: áreas caninas.
	Programa de control ético das colonias felinas
Mellora do medio físico	Mellora da calidade ambiental (aire, ruído e contaminación lumínica)
	Restauración dos espazos deturpados polo cascallo de obra e lixo
	Mellora da calidade das zonas húmidas e erradicación de verteduras
	Redución da presión antrópica mediante a ordenación das sendas

Conservación da paisaxe	Integración ambiental do mobiliario
	Mantemento do patrimonio cultural
Conservación do patrimonio cultural	Estudo da posible reordenación de elementos escultóricos
	Campañas de divulgación e educación ambiental
Participación da cidadanía	Convenios de investigación e acordos de custodia do territorio
	Promover acordos con colectivos de voluntariado
	Mellorar as sendas principais para facelas máis accesibles
Accesibilidade universal	A sinalización interpretativa cumprirá, na medida do posible, a normativa vixente sobre os criterios de accesibilidade universal: condicións visuais, acústicas, táctil, de manexo, de comprensión e instalación física, que permitan a percepción e o entendemento da contorna de xeito elocuente e intuitivo a todas as persoas, con ou sen discapacidade física, cognitiva ou sensorial.

11 MEDIDAS DE XESTIÓN. LIÑAS DE TRABAJO PRIORITARIAS

Unha vez identificados os valores naturais a protexer e os riscos que os ameazan, cómpre establecer as medidas de xestión concretas, para así poder acadar os obxectivos previstos neste plan de conservación. As propostas de actuación seguen de xeito coherente o descrito no apartado anterior sobre os obxectivos de conservación.

A súa execución planifícase atendendo ás prioridades establecidas neste plan, co fin de ser desenvoltas nos primeiros seis anos dende a súa aprobación (ver apartado 12 de previsións orzamentarias). Así mesmo, poderán acordarse novas actuacións de protección e restauración ambiental que xurdan como consecuencia da evolución dos valores naturais do ENIL.

11.1 RESTAURACIÓN E AMPLIACIÓN DO BOSQUE DE RIBEIRA NO REGO DA LAGOA

Obxectivo: Restauración ambiental e ampliación do bosque ripario do rego da Lagoa, na área que lle corresponde de xeito natural polo seu caudal ecolóxico e a topografía existente.

A restauración e ampliación levarase a cabo na área de influencia hidrolóxica, dende as marxes da canle encaixada, ata a parte orográfica de fondo plano que é inundada ante os desbordamentos eventuais. No espazo situado nas marxes da canle, repoboarase cun conxunto de exemplares arbóreos de vexetación de ribeira, principalmente os propios das comunidades de *Alnetea glutinosae* por ser as naturais do lugar. No espazo situado nas marxes da canle, plantaranse un conxunto de exemplares arbóreos de vexetación de ribeira, principalmente os propios das comunidades de *Alnetea glutinosae* por ser as naturais do lugar. Se propoñen polo tanto *Alnus glutinosa* e *Salix atrocinerea* como as principais especies autóctonas na zona. Terase tamén en conta outras especies riparias coas que se asocian os ameneiros e salgueiros, como *Fraxinus excelsior*. No espazo máis lonxe á canle, que poida presentar déficit de humidade por seca estival, plantaranse aqueles exemplares que non dependan exclusivamente da auga e humidade da canle fluvial, senón tamén das precipitacións e temperatura do clima oceánico costeiro, e que á súa vez, poidan soportar os períodos de hidromorfía vencellados aos desbordamentos cando choiva moito.

11.2 RESTAURACIÓN E AMPLIACIÓN DAS COMUNIDADES DE TOXO E BREIXO

Obxectivo: recuperar a integridade e a distribución orixinal das comunidades de toxo e breixo na contorna da Torre e no bordo litoral.

Incluíranse as comunidades de toxo e breixo na zona prioritaria de conservación co fin de que a biocenose ligada a este hábitat acade o seu equilibrio e máis a súa área de distribución orixinal sen as perturbacións vencelladas aos usos humanos. Delimítase a zona de protección no plano núm. 3 do anexo. Levarase a cabo a redución progresiva dos camiños secundarios, delimitados de forma precisa no plano núm. 5 do anexo. Non se fará ningunha labor de sega nin broza das comunidades de toxo e breixo, sen prexuízo do seu coidado ecolóxico.

11.3 RESTAURACIÓN E PROTECCIÓN DAS CHARCAS PARA ANFIBIOS

Obxectivo: recuperar e protexer as charcas presentes no ENIL para promover a restauración das comunidades higrófilas asociadas, especialmente aos anfibios, conforme á súa área de distribución orixinal.

Adoptaranse medidas específicas de protección coa finalidade de protexer as charcas ou pozas, tanto permanentes como estacionais, incluíndo a contorna inmediata, por mor da súa influencia ecolóxica funcional. Estes hábitats de anfibios terán a consideración de zona prioritaria de conservación. Tampouco se realizará ningunha labor de sega na contorna das charcas, xa que a vexetación higrófila e mesófila vencellada a estes ambientes auto-regúlase en función dos aportes hídricos vencellados ás precipitacións. Así mesmo, outras medidas complementarias, como a eliminación progresiva das sendas secundarias (plano núm. 5 do anexo I), facilitarán a custodia efectiva e rexeneración das pozas.

Ver cartografía: anexo I. Plano 2. Zonificación por hábitats. Plano 3. Zonas de protección.

11.4 RESTAURACIÓN E PROTECCIÓN DOS CANTÍS COSTEIROS CON VEXETACIÓN

Obxectivo: recuperar a integridade e a distribución orixinal das comunidades presentes nos cantís con vexetación da zona costeira do ENIL.

Os cantís con vexetación da costa están incluídos como zona prioritaria de conservación, co fin de que a biocenose ligada a este hábitat acade o seu equilibrio, así como ir recuperando a súa área de distribución orixinal. Para isto, levarase a cabo a redución progresiva dos camiños secundarios, o que permitirá amortecer a presión antrópica (plano núm. 5 do anexo I). Tampouco se fará ningunha labor de sega nin broza, sen prexuízo do seu coidado ecolóxico. Farase un seguimento da evolución natural, o que permitirá adoptar medidas de reforzo de ser o caso, co fin de recuperar e protexer a extensión orixinal da vexetación rupícola e aerohalófila presente nestes cantís costeiros. De xeito complementario, levarase a cabo a redución progresiva dos cascallo de obrase lixo, e das plantas exóticas invasoras presentes (plano núm. 4 do anexo I).

Ver cartografía: anexo I. Plano 2. Zonificación por hábitats. Plano 3. Zonas de protección.

11.5 PROGRAMAS DE FOMENTO PARA A CAPTACIÓN DE BIODIVERSIDADE AUTÓCTONA

Obxectivo: Promover a recolonización da fauna local facilitando o seu asentamento no ENIL.

A medida que se vaia executando a restauración ambiental de conservacións dos hábitats antes citados, desenvolverase un plan de fomento da biodiversidade mediante a instalación, con carácter temporal, de comedeiros, refuxios, niños, estruturas *-hoteis-* para insectos, repoboación controlada con exemplares da zona, e outras accións que faciliten o asentamento e a reprodución de diversas especies autóctonas.

11.6 LOITA CONTRA AS PLANTAS EXÓTICAS INVASORAS

Obxectivo: Eliminar as plantas exóticas invasoras alí onde sexa posible e establecer mecanismos de control poboacional cando non sexa viable acometer a súa erradicación.

Elaboración dun plan integral de loita contra as plantas exóticas invasoras, partindo dun mapeo xeorreferenciado e actualizado, para de seguido proceder á súa erradicación ou control. Estableceranse tres categorías conforme á perigosidade descrita na bibliografía, nos plans estratéxicos destas especies en Galicia, así como na presenza e distribución de cada especie *in situ*.

En base aos traballos xa desenvolto e atendendo ao risco que supoñen para a protección dos valores naturais do ENIL (ver apartado 5.2.2), e sen prexuízo de accións concretas onde sexa recomendable erradicalas para acometer a restauración ambiental, teñen a condición de especies exóticas invasoras sobre as que se intervirá de forma prioritaria:

- *Cortaderia selloana* (plumacho de pampa): atópase en poucos sitios, moi localizados, sobre todo na marxe dereita da praia da Durmideiras, polo que é factible a súa erradicación completa, malia fixarse en sitios de difícil acceso.
- *Carpobrotus edulis* (unlla de gato): distribúese de xeito desigual por diferentes zonas próximas aos cantís do ENIL. A biomasa principal está na parte superior dos cantís que van dende a marxe dereita da praia das Lapas cara a Torre de Hércules. Tamén hai pequenas áreas concretas preto de punta Herminia. Elimínase de forma manual, se ben requirirá repeticións do traballo e seguimento posterior para o control das raíces ou gromos de calquera nódulo, retirando ademais todos os anacos do terreo.
- *Helichrysum petiolare* (sempreviva): foi detectada e erradicada no 2021 ao pé da Torre, preto da colonia felina ao pé da rampla de acceso. Xa no 2022 detectouse e eliminouse unha mancha de matogueiras de *Helichrysum* espalladas entre a comunidade de toxo e breixo e os campos de herbáceas da Torre. Precisa dun control permanente dada a súa facilidade para reproducirse vexetativamente e enraizar. Elimínase de forma manual, se ben cómpre asegurarse de que se retire do terreo calquera resto desta planta.

- *Artotheca calendula* (margarida africana): está amplamente distribuída por todo o ENIL, sobre todo mesturada nos campos de gramíneas e malváceas. Observouse que as segas favorecen a súa proliferación, abonda ver as beiras das sendas inzadas de margaridas mentres que nas zonas sen segar non é quen de competir coas herbáceas autóctonas. Non é posible contemplar a súa erradicación completa, se ben a limitación das segas nas beiras ao mínimo imprescindible, xunta coa intervención manual nas áreas onde se atope retirando cada planta por completo, esta especie é susceptible de ser controlada e amortecida grazas ao maior porte das herbáceas nativas.

Ver cartografía: anexo I. Plano nº 4. Distribución das principais plantas exóticas invasoras.

O plan integral de loita contra as plantas exóticas invasoras contemplará tres vías de acción:

- Accións de prevención: Son todas aquelas enmarcadas dentro dun programa ou estratexia destinada a evitar a entrada de novas especies exóticas invasoras no ENIL. Neste apartado encadramos todas as relacionadas coas campañas de sensibilización e divulgación á cidadanía e nos centros educativos e culturais, así como a difusión de todas as actuacións, plans e programas que se están desenvolvendo.
- Accións de erradicación, contención e control: Todas aquelas descritas dentro dun programa ou estratexia de vixilancia e control. Trátase de detectar a presenza de especies exóticas invasoras no ENIL e proceder á súa eliminación e posterior substitución por especies autóctonas. No caso das plantas exóticas cun alto impacto pero que non sexa factible a súa erradicación total polo seu amplo grao de dispersión, desenvolveranse accións dirixidas a limitar a súa expansión (contención) ou limitar os danos que producen en hábitats ou especies sensibles (control).
- Accións de formación e sensibilización: Todas as destinadas á formación e sensibilización das persoas que se vexan implicadas na xestión de especies exóticas invasoras, especialmente o persoal dos servizos de mantemento do espazo natural, da Área de Medio Ambiente, Patrulla Verde e Policía local, así como as destinadas á cidadanía en xeral.

11.7 LOITA CONTRA A FAUNA EXÓTICA INVASORA

Obxectivo: Eliminar ou establecer mecanismos de control poboacional no caso de detectarse a presenza da fauna exótica invasora.

Na actualidade a fauna exótica invasora non está presente de forma que sexa un risco no ENIL, alén de, por exemplo, visitas ocasionais de *Vespa velutina* ou citas puntuais -de fai anos- sobre a

presenza de *Carassius auratus*, non detectado nas derradeiras inspeccións. No marco do seguimento biolóxico de campo rutineiro, inclúese a vixilancia da potencial presenza de fauna exótica invasora, para poder intervir canto antes de ser o caso.

11.8 REALIZACIÓN DE ESTUDOS DE FAUNA, FLORA E HÁBITATS

Obxectivo: Obter información necesaria para poder adoptar as medidas máis oportunas en cada momento de cara á conservación da fauna, flora e hábitats.

A maiores dos estudos propios, inventarios e censos que promova o Concello da Coruña para o seguimento da evolución do plan de conservación, darase apoio prioritario a todas as iniciativas científicas que sexan propostas, ou veñan avaladas, por centros de investigación oficiais, como a Universidade da Coruña. Farase especial incidencia naquelas especies e hábitats amparadas nalgún grao de protección, así como na investigación orientada á loita contra as especies exóticas invasoras.

11.9 MANTEMENTO NAS ZONAS DE PROTECCIÓN E DE USO MODERADO

Obxectivo: Desenvolver un modelo de xestión baseado no mantemento ecolóxico sincronizado cos ciclos naturais da flora e da fauna que habita e se reproduce no ENIL, nas zonas de protección e de uso moderado (descritas no apartado 8 e graficamente no anexo I, plano 3º).

Este modelo xa se ven aplicando cun notable éxito nas pradarias, promovendo a sucesión ecolóxica natural, dando ademais moi bos resultados na loita contra flora exótica invasora, grazas ás propias herbáceas autóctonas, maiormente gramíneas e malváceas.

11.9.1 Plan de sega

A sega xeral de herbáceas no ENIL farase unha única vez ao ano, no mes de setembro, antes da chegada das épocas estatisticamente máis chuviosas, para favorecer a xerminación. O obxectivo é facilitar a renovación da flora e evitar que se produzan desequilibrios entre especies. A auto-resementeira baséase na formación da pradería a partir das sementes producidas do ano anterior. Para iso:

- Respectarase unha altura mínima de sega de 15 cm nos prados.
- Realizaranse inspeccións previas *in situ* de sementes no estío.
- Evitarase a erosión e a compactación, polo que non se segará nun terreo encharcado para evitar a rotura da estrutura do solo.
- Non se segará dentro do perímetro definido por 2 metros arredor das charcas, matogueiras, árbores e outros elementos singulares.

- As matogueiras e árbores, así como o solo e contorno sobre o que están asentadas, limpanse debidamente por medios manuais non agresivos cos valores naturais e saneados mediante poda lixeira, retirada de ramas e demais residuos, xa sexan de orixe natural ou artificial: residuos plásticos, latas ou de calquera outro tipo.
- As charcas serán obxecto de protección especial, non se realizará ningún mantemento no seu interior, excepto a retirada de residuos que se detecten, procurando non alterar nada.
- Non se deixará dentro do ENIL ningún resto da biomasa xerada tras a sega.
- Segaranse as sendas principais 1 metro a cada lado como máximo. Esta anchura máxima deberá reducirse alí onde se vexa que a sega favorece a proliferación de flora exótica invasora.
- A definición de cales sendas son consideradas “principais” será a establecida polos técnicos municipais, tomando como base o plan de sendas secundarias -a extinguir-, delimitadas no plano núm. 5 do anexo.
- Farase o saneamento axeitado das zonas estanciais para o seu pleno uso e aproveitamento pola cidadanía, de forma compatible cos valores naturais.
- A altura da herba na contorna das zonas estanciais, establecida en dous metros como máximo ao seu arredor, deberá estar entre 10 e 15 cm. No suposto de verificar que a sega é contraproducente ao favorecer a proliferación de flora exótica invasora, reducirase en intensidade e frecuencia segundo criterios técnicos.
- Revisar, limpar, reparar e renovar, cando proceda, todo o mobiliario urbano presente no ENIL (bancos, mesas, papeleiras, sinalización etc.), así como os residuos que poida haber.

11.9.2 Cronograma

Con carácter xeral, os labores de mantemento nas zonas de protección e de uso moderado faranse tres veces ao ano, nos meses de xaneiro, maio e setembro, de modo diferente en cada ocasión. Poderá haber cambios puntuais nas pautas xerais cando teñan por obxecto melloras no espazo natural.

As zonas estanciais, bancos, mesas e demais elementos singulares manteranse todo o ano en perfecto estado para ser usados pola cidadanía e visitantes, nos termos descritos no anterior apartado.

11.9.2.1 Mantemento de xaneiro

- Segaranse as sendas principais 1 metro a cada lado como máximo. Esta anchura máxima deberá reducirse alí onde se vexa que a sega favorece a proliferación de flora exótica invasora.

- Segar, sanear e acondicionar as zonas estanciais para o seu pleno uso e aproveitamento pola cidadanía. A altura da herba na contorna das zonas estanciais, establecida en dous metros como máximo ao seu arredor, deberá estar entre 10 e 15 cm. No suposto de verificar que a sega é contraproducente ao favorecer a proliferación de flora exótica invasora, reducirase en intensidade e frecuencia segundo criterios técnicos.
- Revisar, limpar, reparar e renovar, cando proceda, todo o mobiliario urbano presente no ENIL (bancos, mesas, papeleiras, sinalización etc.), así como os residuos que poida haber.

11.9.2.2 Mantemento de maio

- Sanear ou recortar nas sendas principais só nos bordos onde dificulten que se poidan usar pola cidadanía. Esta tarefa deberá realizarse preferiblemente con ferramentas de xardinería manuais ou, no seu defecto e de forma previamente motivada e autorizada, por maquinaria que emita pouco ruído. Neste caso será aprobada con antelación polo Servizo de Medio Ambiente.
- Segar, sanear e acondicionar as zonas estanciais para o seu pleno uso e aproveitamento pola cidadanía. A altura da herba na contorna das zonas estanciais, establecida en dous metros como máximo ao seu arredor, deberá estar entre 10 e 15 cm. No suposto de verificar que a sega é contraproducente ao favorecer a proliferación de flora exótica invasora, reducirase en intensidade e frecuencia segundo criterios técnicos.
- Revisar, limpar, reparar e renovar, cando proceda, todo o mobiliario urbano presente no ENIL (bancos, mesas, papeleiras, sinalización etc.), así como os residuos que poida haber.

11.9.2.3 Mantemento de setembro

- Neste mes poderá realizarse a sega das praderías, no caso de estimarse oportuno e axeitado para o mantemento do espazo natural, respectando unha altura mínima de sega de 15 cm nos prados, así como podas lixeiras e saneamento xeral.
- Por razóns operativas, a sega das sendas principais deste mes intégrase no conxunto de tarefas que hai que desenvolver para o mantemento de praderías, nas mesmas condicións descritas para os meses de maio e xaneiro.
- Segar, sanear e acondicionar as zonas estanciais para o seu pleno uso e aproveitamento pola cidadanía. A altura da herba na contorna das zonas estanciais, establecida en dous metros como máximo ao seu arredor, deberá estar entre 10 e 15 cm. No suposto de verificar que a sega é contraproducente

ao favorecer a proliferación de flora exótica invasora, reducírase en intensidade e frecuencia segundo criterios técnicos.

- Revisar, limpar, reparar e renovar, cando proceda, todo o mobiliario urbano presente no ENIL (bancos, mesas, papeleiras, sinalización etc.), así como os residuos que poida haber.

11.10 ALTERNATIVAS Á PRESENZA DE CANS SOLTOS: ÁREAS CANINAS

Obxectivo: Proporcionar alternativas para que os cans poidan ir ceibos sen afectar ao ENIL.

No apartado de riscos, informouse que é moi frecuente atopar cans ceibos polas praderías, podendo causar molestias e danos á fauna local. En consecuencia, no apartado 9, de normas de uso, regulouse este aspecto. Non obstante, un plan de conservación debe achegar propostas de solucións alternativas alí onde fose necesario establecer medidas restritivas, como é o caso. Polo dito, realizarase un estudo de posibles localizacións para a creación de áreas caninas, na contorna exterior inmediata ao ENIL, de xeito participativo e consensuado coas persoas e colectivos que frecuentan a zona coas súas mascotas.

11.11 PROGRAMA DE CONTROL ÉTICO DAS COLONIAS FELINAS

Obxectivo: Aplicar un modelo de xestión sostible das colonias felinas presentes no ENIL, para minimizar os posibles danos á fauna.

Deseñárase un programa de control ético poboacional das colonias felinas presentes no ENIL incluíndo aquelas que, atopándose fóra dos seus límites, poidan ter un impacto dentro deste por mor dos desprazamentos dos gatos que as compoñen. Ademais, debido á proximidade deste espazo coa propia cidade, carece de sentido aplicar estratexias propias de contornas naturais non urbanas e illadas -como o ENIL das Illas de San Pedro-, como podería ser o traslado dos gatos, xa que produciríase o “efecto baleiro”, de xeito que en pouco tempo instalárianse novas colonias felinas.

Farase un censo con identificación individualizada dos exemplares de cada colonia felina, desenvolvendo o control ético poboacional mediante o sistema de captura, esterilización e retorno (CER), así como o seguimento con indicadores de progreso do programa, co obxectivo de reducir progresivamente o seu número á vez que se garante o seu benestar, mediante o consenso e acordos cos colectivos vencellados. Os gatos serán alimentados, recibirán atención veterinaria, e serán censados periodicamente, controlando a súa evolución e a posible chegada de novos exemplares.

Este programa de control ético das colonia felinas adaptarase ás actualizacións normativas que se poidan establecer relativas á protección, dereitos e ao benestar dos animais.

11.12 MELLORA DA CALIDADE AMBIENTAL (AIRE, RUÍDO, CONTAMINACIÓN LUMÍNICA)

Obxectivo: Desenvolvemento dun plan estratéxico de mellora da calidade ambiental, especialmente mediante a redución gradual de vehículos privados e da iluminación excesiva.

Polos motivos descritos no apartado de riscos, é necesaria a adopción de medidas reguladoras que minimicen o impacto negativo aos valores naturais que poidan causar o deturpamento da calidade do aire, o ruído e a contaminación lumínica.

Desenvolverase un plan de calidade ambiental na contorna do ENIL que contemple, entre outros, aspectos como o aumento progresivo das restricións ao tráfico nas vías que van dende o actual aparcadoiro ata Durmideiras; vencellar mellor os horarios autorizados coas actividades deportivas; dar prioridade de acceso aos vehículos respectuosos co medio ambiente (eléctricos, bicicletas...); fomentar a mobilidade en transporte colectivo (hai tres liñas de bus urbano -3, 3A e 5- con varias paradas na zona, que se reforza cun punto de Bicicoruña); así como informar adecuadamente das alternativas de aparcadoiros próximos.

Tamén se identificarán outras fontes de ruídos, frecuentes ou puntuais, co fin de eliminálas e procurar solucións consensuadas cando sexan de interese público. No caso das prácticas do helicóptero de Salvamento Marítimo, consensuar coa autoridade competente localizacións alternativas para as prácticas. No caso da vixilancia en xeral, e contra o furtivismo en particular, acordar accesos concretos para evitar a situación actual, así como promover o uso de vehículos eléctricos a medida que os actuais rematen a súa vida útil.

Conforme se vaia avanzando na estratexia cara á redución progresiva do ruído, analizaríase a viabilidade de tramitar algún recoñecemento legal, como o establecido no artigo 21º da Lei 37/2003, do 17 de novembro, do Ruído para a posible declaración do ENIL como “Reserva de Son Natural”.

No que respecta á contaminación lumínica, estableceranse medidas con outros departamentos municipais para reducir a potente iluminación na contorna exterior (Cidade Deportiva Arsenio Iglesias), tanto na súa intensidade como nos horarios e días. Dentro do ENIL, regularase a iluminación da rampla de acceso á Torre, suprimíranse todos os puntos de luz interiores, e promoverase un cambio de localización para a iluminación monumental das efemérides, cara outros lugares emblemáticos da cidade e con maior visibilidade pública.

11.13 RESTAURACIÓN DOS ESPAZOS DETURPADOS POLO CASCALLO DE OBRA E LIXO

Obxectivo: Eliminar a presenza de lixo no ámbito do ENIL e acometer a restauración ambiental das áreas con cascallos de obra localizados na zona do campo da Rata co fin de reducir a perturbación dos valores naturais existentes mediante a restauración ambiental deses espazos.

No referente ao lixo xerado por parte dos visitantes, xunto coa nula funcionalidade das papeleiras ante a presenza habitual do vento, farase unha redución progresiva do seu número á vez que se promoverán campañas de sensibilización que teñan por finalidade informar e concienciar aos visitantes para que leven de volta con eles os envases e demais refugallos que poidan xerar dentro do ámbito de conservación, e depositalos nos contedores nos principais accesos ao ENIL. Tamén se levará a cabo a restauración ambiental mediante a eliminación progresiva dos cascallos de obra situados embaixo da capa edáfica superficial na zona do campo da Rata e a rexeneración do solo.

11.14 MELLORA DA CALIDADE DAS ZONAS HÚMIDAS E ERRADICACIÓN DE VERTEDEURAS

Obxectivo: Mellora da calidade físico-química e biolóxica das charcas, regatos, intermareal, calas e praias, e erradicación dos potenciais focos de emisión de verteduras.

Elaborarase un estudo das zonas húmidas do ENIL así como da rede de saneamento e de pluviais da contorna exterior que pode ter impacto negativo ante eventos episódicos como fortes choivas e verteduras ilegais nos sumidoiros de pluviais. A obtención de datos actualizados permitirán mellorar o control da calidade das augas, así como identificar edificios que puidesen estar mal conectados á rede de saneamento.

Tamén se acometerán os estudos e obras necesarios que permitan suprimir os aliviadoiros que rematan no ENIL, ou ben desvialos fóra deste. Deste xeito, o espazo quedará libre de riscos por verteduras incontroladas anda que se xeren fóra.

11.15 REDUCIÓN DA PRESIÓN ANTRÓPICA MEDIANTE A REORDENACIÓN DAS SENDAS

Obxectivo: mellorar a conservación das zonas de protección, reducindo a presión antrópica mediante a restauración ambiental das sendas principais, supresión das sendas secundarias e fomento da accesibilidade onde sexa razoable.

O Concello da Coruña elaborou un estudio inicial das sendas principais, das sendas secundarias a suprimir e tamén para analizar as condicionantes de accesibilidade do ENIL e contorna. O perímetro exterior no límite co paseo marítimo, constitúen zonas de uso peonil, aos efectos do artigo 4º da Orden TM1/851/2021 de 23 de julio por la que se desarrolla el documento técnico de condiciones básicas de accesibilidad y no discriminación para el acceso y la utilización de los espacios públicos urbanizados. Nesta zona de contacto cumpríranse as condicións de accesibilidade da dita Orde. Non obstante, esta disposición non é aplicable dentro do ENIL, ao no ser un espazo urbanizado -nin pretendelo-, se ben intentárase mellorar a accesibilidade interior na medida do posible, sempre que non sexa incompatible coa protección dos valores que motivaron a súa declaración do ENIL.

Para reducir a presión antrópica nas zonas protexidas e nas zonas prioritarias de conservación, débese intervir na caótica rede actual de sendas. Así, farase un proxecto técnico de reordenación e executarase, establecendo sendas principais, de ancho homoxéneo e tipo de pavimento adecuado; suprimindo as sendas secundarias que xurdiron por mor da ausencia de regulación e mellorando no posible as condicións de accesibilidade básicas alí onde se poidan ter pendentes lonxitudinais iguais ou menores ao 6%, ancho de 1,80 m e un tipo de pavimento firme, de orixe natural e integrado na contorna.

Ver cartografía: anexo I. Plano 5. Sendas secundarias a suprimir.

11.16 INTEGRACIÓN AMBIENTAL DO MOBILIARIO

Obxectivo: mellorar a conservación da paisaxe e reducir a presenza de lixo no ENIL.

A paisaxe do ENIL é un dos valores naturais máis salientables a protexer de forma prioritaria. Ademais, urxe acometer medidas que contribúan a reducir a presenza de lixo espallado polo exceso de papeleiras inadecuadas en lugares moi expostos aos ventos e accesibles para as propias aves. Por estes motivos, no ano 2022 realizouse un estudo detallado, xa mencionado no apartado 5.2.8 de riscos, no que se comprobou que hai un exceso de elementos, moitos deles prescindibles, outros causando máis prexuízos que beneficios, sen integración paisaxística e, con frecuencia, en mal estado.

Nesta liña, procederase á retirada dos elementos deteriorados e á redución do seu número conforme aos criterios habituais de xestión dun espazo natural, minimizando a intrusión do que sexa artificial, xa que non se trata dun parque urbano. Eliminaranse todas as papeleiras localizadas en zonas de alta exposición ao vento, mantendo as que están en zonas de descanso e ao abrigo.

Promoveranse accións informativas para que as persoas visitantes traian de volta o lixo e o depositen nos contedores de recollida selectiva dispostos nos accesos ao ENIL (vidro, envases, papel, e fracción orgánica). Ademais, estas actuacións contribuirán a que o mobiliario e as sinais se integren mellor na paisaxe, usando no posible materiais naturais, resistentes e duradeiros (por exemplo, pedra no caso dos bancos que se repoñan).

11.17 MANTEMENTO DO PATRIMONIO CULTURAL

Obxectivo: protección e coidado do patrimonio cultural presente no ENIL.

De acordo coas indicacións da Dirección Xeral de Patrimonio Cultural da Consellería de Cultura, Educación e Universidade, permitiranse as tarefas de mantemento dos elementos do patrimonio cultural existente no ENIL, incluído o control da vexetación (excepto herba), empregando medios

mecánicos e produtos naturais que non sexan prexudiciais para o medio ambiente. O uso de calquera produto deberá ser aprobado previamente pola Concellería de Medio Ambiente.

Considerando o alto potencial arqueolóxico no ENIL, procurarase ampliar a cautela existente no Plan especial, que prevé a realización dun control arqueolóxico nas actuacións que se realicen. Por outra parte, considérase necesario velar pola conservación dos afloramentos graníticos e pedras visibles na zona, para evitar posibles afeccións. Así mesmo, cómpre revisar, ampliar e redefinir os criterios de correcta divulgación, que permitan a difusión do coñecemento no ámbito educativo, cultural e social destes acontecementos e valores.

11.18 ESTUDO DA POSIBLE REORDENACIÓN DOS ELEMENTOS ESCULTÓRICOS

Obxectivo: mellorar a experiencia das visitas facilitando o acceso aos elementos artísticos.

A Torre de Hércules, declarada o 27 de xuño de 2009 Patrimonio Mundial da Humanidade pola UNESCO, está acompañada no ámbito de planificación do ENIL por diversos petróglifos (punta Herminia - pena do Altar), polo parque escultórico, onde destacan a Caracola e a Copa do Sol (situadas propiamente no parque de punta Herminia), o monumento a Hércules na nave dos Argonautas e os Menhires. Existen outros elementos escultóricos, neste caso entre a península da Torre e a praia das Lapas: Ara Solis, Hidra de Lerna, Menhir Pentacefálico, Ártabros, Guitarra e o Combate de Hércules e Xerión; e entre a Torre e o mar: o miradoiro da Rosa dos Ventos. No límite do ENIL, na zona do aparcadoiro, a escultura de Caronte, e na glorieta entre a rúa Dr. Vázquez Iglesias e o paseo dos Menhires, sitúase a estatua de Breogán. Estes elementos escultóricos están espallados polo espazo de protección e carecen de criterio de ordenación.

Polo dito, desenvolverase un estudio da viabilidade para propoñer a reagrupación parcial do conxunto escultórico. Preténdese reducir a antropización á vez que se crea un recurso artístico adicional e máis accesible para quen se achegue ao ENIL.

11.19 CAMPAÑAS DE DIVULGACIÓN E EDUCACIÓN AMBIENTAL

Obxectivo: informar e concienciar sobre os valores naturais do espazo.

Realizaranse todos os anos campañas de sensibilización, divulgación e educación ambiental. Terán lugar en centros educativos, entidades culturais, asociacións, espazos públicos e *in situ*, mediante rutas guiadas dentro do propio ENIL. Aínda que xa se veñen desenvolvendo desde fai anos, reforzaranse os contidos específicos sobre as accións de restauración ambiental e protección dos valores naturais.

12 PREVISIÓNS ORZAMENTARIAS

O 31.1.2018 o Concello da Coruña solicitou a declaración como ENIL do espazo denominado Torre de Hércules. O expediente de declaración consta dunha memoria, planos e do Acordo adoptado polo Pleno do Concello do 5.6.2017, no que se inclúe o compromiso formal de poñer en práctica as medidas precisas para a conservación dos valores naturais que motivan a declaración, así como de elaborar o Plan de conservación.

En cumprimento de dito Acordo Plenario, para desenvolver as medidas de conservación previstas neste plan establécense uns orzamentos por un período inicial de seis anos. Antes de que remate o último ano aprobarase a nova previsión orzamentaria por un período idéntico, actualizada en base aos resultados acadados e necesidades detectadas, e así sucesivamente.

A distribución do gasto orzamentario previsto por anualidades no primeiro sexenio será seguinte:

Ano	Medida de conservación	Orzamento previsto
Ano 1	Elaboración do proxecto de restauración ambiental e ampliación no bosque de ribeira no rego da Lagoa	2.000 € (1)
	Elaboración do proxecto de restauración ambiental das comunidades de toxo e breixo	1.000 € (1)
	Elaboración do proxecto de restauración ambiental e protección das charcas para anfibios	1.000 € (1)
	Elaboración do proxecto de restauración ambiental e protección dos cantís costeiros con vexetación	1.000 € (1)
	Deseño e execución do plan de loita contra as especies exóticas invasoras. Identificación xeorreferenciada e mapeo completo. Eliminación de plantas exóticas invasoras prioritarias	15.000 €
	Mantemento ecolóxico sincronizado cos ciclos naturais da fauna e flora nas zonas de protección e zonas de uso moderado	10.000 €
	Estudo de alternativas á presenza de cans soltos: áreas caninas no perímetro exterior do ENIL	4.000 €
	Elaboración do programa de control ético das colonias felinas Censo individual.	3.000 €
	Elaboración do estudo para a mellora da calidade físico-química e biolóxica das charcas, regatos, intermareal, calas e praias. Erradicación dos potenciais focos de emisión de verteduras	2.000 €
	Elaboración do proxecto de restauración ambiental dos espazos deturpados polo cascallo de obra e lixo	2.000 €
	Elaboración do proxecto do plan de mellora da calidade	3.000 €

	ambiental (aire, ruído, contaminación lumínica...)	
	Elaboración do proxecto técnico de redución da presión antrópica mediante a reordenación das sendas principais, supresión das sendas secundarias e melloras na accesibilidade	3.000 €
	Execución do proxecto de integración ambiental do mobiliario	223.848 € (2)
	Mantemento do patrimonio cultural	1.000 €
	Campañas de divulgación ambiental e visitas guiadas	3.000 €
Ano 2	Execución do proxecto de restauración ambiental e ampliación no bosque de ribeira no rego da Lagoa	100.000 €
	Execución do proxecto de restauración ambiental das comunidades de toxo e breixo	15.000 €
	Execución do proxecto de restauración ambiental e protección das charcas para anfibios	15.000 €
	Execución do proxecto de restauración ambiental e protección dos cantís costeiros con vexetación	15.000 €
	Deseño e execución do programa de fomento para a captación de biodiversidade autóctona, coordinado coa restauración ambiental dos hábitats	3.000 €
	Seguimento e continuación do plan de loita contra as especies exóticas invasoras, especialmente das plantas exóticas invasoras prioritarias	5.000 €
	Mantemento ecolóxico sincronizado cos ciclos naturais da fauna e flora nas zonas de protección e zonas de uso moderado	10.000 €
	Execución das alternativas a cans soltos: áreas caninas	150.000 €
	Execución do programa de control ético das colonias felinas. Actualización anual do censo de gatos	5.000 €
	Execución das propostas resultantes do estudo para a mellora da calidade físico-química e biolóxica das charcas, regatos, intermareal, calas e praias. Erradicación dos potenciais focos de emisión de verteduras	Ver (3)
	Execución do proxecto técnico de redución da presión antrópica mediante a reordenación das sendas principais, supresión das sendas secundarias e melloras na accesibilidade	Ver (3)
	Elaboración do proxecto do plan de mellora da calidade ambiental (aire, ruído, contaminación lumínica...)	Ver (3)
	Mantemento do patrimonio cultural	1.000 €
	Campañas de divulgación ambiental e visitas guiadas	3.000 €
Ano 3	Seguimento e continuación dos proxectos de restauración ambiental no ENIL, especialmente no rego da Lagoa; comunidade de toxo e breixo; charcas para anfibios; cantís con vexetación.	3.000 €
	Seguimento e continuación do plan de loita contra as especies exóticas invasoras, especialmente das plantas exóticas invasoras prioritarias	5.000 €

	Mantemento ecolóxico sincronizado cos ciclos naturais da fauna e flora nas zonas de protección e zonas de uso moderado	10.000 €
	Seguimento e informe dos resultados acadados coas alternativas a cans soltos: áreas caninas	1.000 €
	Seguimento e continuación do programa de control ético das colonias felinas. Actualización anual do censo de gatos	2.000 €
	Mantemento do patrimonio cultural	1.000 €
	Campañas de divulgación ambiental e visitas guiadas	3.000 €
Ano 4	Seguimento e continuación dos proxectos de restauración ambiental no ENIL, especialmente no rego da Lagoa; comunidade de toxo e breixo; charcas para anfibios; cantís con vexetación.	3.000 €
	Seguimento e continuación do plan de loita contra as especies exóticas invasoras, especialmente das plantas exóticas invasoras prioritarias	5.000 €
	Mantemento ecolóxico sincronizado cos ciclos naturais da fauna e flora nas zonas de protección e zonas de uso moderado	10.000 €
	Seguimento e informe dos resultados acadados coas alternativas a cans soltos: áreas caninas	1.000 €
	Seguimento e continuación do programa de control ético das colonias felinas. Actualización anual do censo de gatos.	2.000 €
	Mantemento do patrimonio cultural	1.000 €
	Campañas de divulgación ambiental e visitas guiadas	3.000 €
	Estudo da posible reordenación de elementos escultóricos presentes no ENIL	2.000 €
Ano 5	Seguimento e continuación dos proxectos de restauración ambiental no ENIL, especialmente no rego da Lagoa; comunidade de toxo e breixo; charcas para anfibios; cantís con vexetación.	3.000 €
	Seguimento e continuación do plan de loita contra as especies exóticas invasoras, especialmente das plantas exóticas invasoras prioritarias	5.000 €
	Mantemento ecolóxico sincronizado cos ciclos naturais da fauna e flora nas zonas de protección e zonas de uso moderado	10.000 €
	Seguimento e informe dos resultados acadados coas alternativas a cans soltos: áreas caninas	1.000 €
	Seguimento e continuación do programa de control ético das colonias felinas. Actualización anual do censo de gatos	2.000 €
	Mantemento do patrimonio cultural	1.000 €
	Campañas de divulgación ambiental e visitas guiadas	3.000 €
	Actualización do inventario de fauna, flora e hábitats. Evolución respecto á situación de partida e aos estudos previos a este	5.000 €
	Execución da reordenación de elementos escultóricos presentes no ENIL, no suposto de que os resultados dos estudos previos informen favorablemente esta iniciativa	Ver (3)

Ano 6	Seguimento e continuación dos proxectos de restauración ambiental no ENIL, especialmente no rego da Lagoa; comunidade de toxo e breixo; charcas para anfibios; cantís con vexetación.	3.000 €
	Seguimento e continuación do plan de loita contra as especies exóticas invasoras, especialmente das plantas exóticas invasoras prioritarias	5.000 €
	Mantemento ecolóxico sincronizado cos ciclos naturais da fauna e flora nas zonas de protección e zonas de uso moderado	10.000 €
	Seguimento e informe dos resultados acadados coas alternativas a cans soltos: áreas caninas	1.000 €
	Seguimento e continuación do programa de control ético das colonias felinas. Actualización anual do censo de gatos	2.000 €
	Mantemento do patrimonio cultural	1.000 €
	Campañas de divulgación ambiental e visitas guiadas	3.000 €
	Memoria final do primeiro sexenio. Actualización dos indicadores respecto á situación de partida e aos estudos previos. Conclusións e propostas de medidas correctoras e de previsións orzamentarias para os seguintes seis anos, que deberá ser aprobado antes de que remate este exercicio.	3.000 €

Observacións:

Antes de executar unha obra, ou calquera outra actuación, é necesario facer un proxecto ou estudo previo. Por este motivo, na táboa de previsións orzamentarias figuran en primeiro lugar a confección de proxectos e estudos, para de seguido pasar á súa execución.

Algunhas medidas de xestión son secuenciais, pois a execución simultánea de varias delas poderían prexudicarse entre si. Aínda que o cronograma foi feito tendo en conta esta circunstancia, é posible que algunha actuación se modifique no tempo, en función da evolución doutras en marcha. En calquera caso, ao remate do sexenio completárase toda a previsión orzamentaria, agás causas de forza maior.

A estimación dos investimentos fíxose en base aos custes de proxectos e obras semellantes. Cómpre sinalar que en determinados casos forman parte de contratos de servizos que diversas empresas prestan neste Concello.

Notas entre parénteses na táboa de previsións orzamentarias:

(1).- Preténdese contratar a redacción de todos os proxectos vencellados á conservación de hábitats nun único trámite, dada a imprescindible coherencia que debe haber nos obxectivos e

nos tempos de execución, ao tratase dun único espazo natural de tamaño reducido, no que as interaccións fauna, flora e hábitats son constantes.

(2).- O importe sinalado refírese ao orzamento base de licitación que figura na *“Memoria valorada para o subministro, instalación e mellora do mobiliario do ENIL Torre de Hércules”*, elaborado en xaneiro de 2022. Ao non estar adxudicado no intre de redactar este plan de conservación, non se pode precisar o importe real, se ben si que se confirma a licitación da execución do proxecto en breve.


(3).- Non é posible asignar un orzamento xa que virá dado polos resultados dos proxectos que se elaboren. En todo caso, o Concello da Coruña comprométese a cumprir o acordo do Pleno, do 5 de xuño de 2017, no relativo ao compromiso formal de poñer en práctica as medidas precisas para a conservación dos valores naturais que motivan a declaración.

13 ANEXO I.- PLANOS


13.1 PLANO 1 .- ÁMBITO TERRITORIAL E DELIMITACIÓN




13.2 PLANO 2 .- HÁBITATS



13.3 PLANO 3 .- ZONAS DE PROTECCIÓN



13.4 PLANO 4 .- DISTRIBUCIÓN DAS PRINCIPAIS PLANTAS EXÓTICAS INVASORAS



13.5 PLANO 5 .- SENDAS SECUNDARIAS A SUPRIMIR

